



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 384
15 de novembro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

I 39918 (10/PPL-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Proposición de lei de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental [130351](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 37543 (10/PNC-003014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas actuacións da actual familia titular do pazo de Meirás para evitar a súa devolución ao patrimonio público, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno central para ese fin [130335](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 30982 (10/PNC-002493)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego de plans de formación no respecto aos dereitos humanos dirixidos ao persoal funcionario autonómico, en especial aos que levan a cabo o seu labor con persoas ao límite da exclusión social, así como a realización nos centros educativos de cursos específicos de formación na materia [130336](#)

I 37816 (10/PNC-003036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre o establecemento por parte do Goberno galego, en coordinación coa Fegamp, dun plan de dotación de servizos de socorrismo acuático que lles garanta cada tempada aos concellos unha dotación de efectivos conforme criterios homologados [130336](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

I 39614 (10/PRE-011902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa multa imposta pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia a once empresas do sector da informática e servizos de datos por actuar como un cártel na subministración de servizos ás administracións públicas, así como os datos referidos aos contratos asinados pola Xunta de Galicia, os organismos e entidades dependentes dela con esas empresas [130355](#)

I 39623 (10/PRE-011903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da xestión levada a cabo pola Xunta de Galicia para mellorar o tratamento da violencia machista no ámbito xudicial, o cumprimento dos obxectivos da normativa vixente en materia de violencia de xénero e a evolución que presentan as oficinas de atención ás vítimas, así como os instrumentos que se están a empregar para avaliar a situación no ámbito xudicial e o grao de cumprimento do pacto de Estado nese eido [130359](#)

I 39626 (10/PRE-011904)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o balance do Goberno galego en relación co desenvolvemento do plan Rexurbe, co fin de mellorar a calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos máis pequenos, así como os datos referidos ás actuacións levadas a cabo para ese fin e o investimento realizado entre os anos 2010 e 2018 [130363](#)

I 39629 (10/PRE-011905)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o balance do Goberno galego en relación co desenvolvemento do plan Rexurbe, co fin de mellorar a calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos máis pequenos, así como os datos referidos ás actuacións e investimentos levados a cabo para ese fin, o seu grao de execución orzamentaria nos anos 2016, 2017 e 2018 e o prazo previsto polo Goberno galego para acadar os obxectivos reflectidos no seu programa electoral en materia de rehabilitación de vivendas e locais comerciais [130366](#)

I 39659 (10/PRE-011906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a opinión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecto da non autorización da impartición das materias de Grego I e de Xeoloxía no IES Lama das Quendas, de Chantada, existindo no centro profesorado suficiente

[130370](#)**I 39677 (10/PRE-011907)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dun estudo do impacto das medidas fiscais existentes en Galicia e das contías deixadas de percibir e a constitución no Parlamento de Galicia dunha mesa de debate para acordar as rebaixas fiscais selectivas que debe adoptar, así como a elaboración dun estudo respecto dos servizos públicos galegos e o seu financiamento

[130374](#)**I 39678 (10/PRE-011908)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para abordar o financiamento local, así como as súas intencións en relación coa convocatoria de axudas e subvencións para os concellos e a distribución do Fondo de Cooperación Local

[130376](#)**I 39699 (10/PRE-011909)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación xerada no Hospital Comarcal do Salnés, como consecuencia do pechamento da terceira planta desde o mes de xuño, e as súas previsións en relación co incremento do seu cadro de persoal, así como a súa opinión respecto da incidencia que tivo a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde na capacidade asistencial dos hospitais comarcais e, en concreto, nese hospital

[130379](#)**I 39716 (10/PRE-011910)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida ao peche do centro da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home na cidade de Lugo, as actuacións previstas para garantir a continuidade dos proxectos de iniciativa social consolidados que prestan servizos de xeito descentralizado co fin de evitar a derivación das persoas usuarias a outras provincias, así como para fiscalizar o cumprimento da lexislación polas institucións e entidades de iniciativa social que perciben subvencións ou recursos públicos, e os datos referidos aos recursos asistenciais de trastornos adictivos existentes na provincia

[130381](#)**I 39738 (10/PRE-011911)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o estado de tramitación dos recursos presentados en relación co anuncio do 13 de abril de 2016, da Xefatura Territorial da Coruña, referido á toma de posesión dos predios de substitución da zona de concentración parcelaria de Val-Meirás-Lago II, nos concellos de Narón e Valdoviño, así

como o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a entrega de títulos de propiedade definitivos aos propietarios das novas parcelas [130385](#)

I 39775 (10/PRE-011912)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns das carencias e deficiencias que presenta o posto de control dos mariscadores da ponte da Pasaxe, no concello de Oleiros, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver a situación dos mariscadores da ría do Burgo afectados polo sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos establecido na Lei 32/2010 [130388](#)

I 39870 (10/PRE-011913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre o tipo de actuacións ou medidas ás que se van destinar os fondos recibidos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, as novidades que van conter e a repartición deses fondos [130392](#)

I 39876 – 40028 (10/PRE-011914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o nivel de credibilidade da rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria [130396](#)

I 39882 (10/PRE-011915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na aplicación do Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da Unión Europea, a suficiencia da documentación exixida ás empresas que comercializan a madeira para garantir a súa orixe legal e as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central de medidas cautelares para aquelas que non cumpran plenamente co “Sistema de dilixencia debida” [130400](#)

I 39909 (10/PRE-011916)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do estado de abandono e deretioración no que se atopan as instalacións deportivas de Portodemouros, no concello de Arzúa, así como as actuacións previstas para a súa rehabilitación e posta en funcionamento de novo [130403](#)

I 39913 (10/PRE-011917)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Supremo referida ao pagamento dos gastos hipotecarios e as súas intencións referidas ao incremento dos medios do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para posibilitarlles o labor de asesoramento ás persoas consumidoras de produtos financeiros, así como a posta en marcha dalgunha medida en materia de consumo fronte ás políticas comerciais e abusos das entidades financeiras [130406](#)

I 39923 (10/PRE-011918)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre a data do coñecemento oficial pola Xunta de Galicia dos problemas derivados do derrubamento na pista que conduce ao barrio da Igrexa, na parroquia de Vilacoba, no concello de Salvaterra do Miño, e a apertura do expediente nº X-13906, da Consellería do Medio Rural, referido á reconstrución da pista municipal afectada, así como a súa opinión respecto da suficiencia da cantidade conveniada entre a Alcaldía e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural para ese fin [130410](#)

I 39926 (10/PRE-011919)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos actos de vandalismo ocorridos no pazo de Lourizán na primeira fin de semana do mes de novembro de 2018 e a súa posible relación co seu estado de conservación e coa falta de seguridade existente, así como o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento das obrigas asumidas no convenio de colaboración asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra ao respecto [130412](#)

I 39929 (10/PRE-011920)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as manifestacións do Sr. presidente da Xunta de Galicia referidas á necesidade de repensar o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza [130414](#)

I 39936 (10/PRE-011921)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coas implicacións que supón, para a normalización do uso da lingua galega na Administración pública, o proceso de recentralización administrativa impulsado polo Goberno central nos últimos anos, a avaliación das súas consecuencias e as medidas adoptadas ao respecto para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía e a normalización do uso da lingua galega [130416](#)

I 39949 (10/PRE-011922)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis**

Sobre o contido dos acordos entre a Xunta de Galicia e o Concello respecto de asuntos relativos á cidade de Pontevedra e os prazos previstos polo Goberno galego para o remate da variante de Alba, a estación intermodal e o pavillón da Parda, así como para o transporte metropolitano e urbano, e a localización da nova residencia de persoas maiores [130420](#)

I 39962 (10/PRE-011923)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á súa coordinación co Concello de Meaño para o inicio da desafección das antigas casas dos mestres e aproveitar o espazo para ampliar o CEIP Coi-

rón-Dena, así como as súas razóns para non darlles resposta ás demandas e valoracións realizadas pola ANPA do centro ao respecto [130423](#)

I 39965 (10/PRE-011924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as xestións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para o restablecemento do servizo de transporte adaptado que viña utilizando unha nena dependente de Laxe para o seu traslado ao centro educativo [130425](#)

I 39970 (10/PRE-011925)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos ás solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria de subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria destinadas aos concellos para o ano 2018 para a creación de viveiros industriais de empresas en parques empresarias da comunidade autónoma, as razóns da denegación das rexeitadas e a valoración do Goberno galego respecto dos resultados desa convocatoria [130428](#)

I 39972 (10/PRE-011926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre a valoración e os datos referidos á cobertura informativa dada pola CRTVG á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016 [130433](#)

I 39979 (10/PRE-011927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns da intensificación nos últimos meses das protestas dos traballadores da CRTVG referidas á xestión que está a levar a cabo a actual Dirección da Corporación, así como a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto [130435](#)

I 39991 (10/PRE-011928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o coñecemento e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación na que se atopa a empresa Noa Madera Creativa, S. L., asentada no polígono de Vilar do Colo, no concello de Fene [130437](#)

I 39993 (10/PRE-011929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión e a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias do persoal de enfermaría do Hospital Comarcal do Salnés referidas á situación de sobrecarga asistencial que está a padecer, como consecuencia do pechamento da terceira planta do centro [130440](#)

I 39885 (10/PRE-011930)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en marcha da planta de compostaxe anunciada en terreos de Sogama, así como as súas intencións respecto da execución das oito reflectidas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia [130443](#)

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular**I 38951 (10/PDC-000026) (10/POC-006268)**

Pregunta de iniciativa popular sobre a afección que está a ter na saúde humana e nos ecosistemas a actividade da antiga mina do concello de Touro, as condicións da autorización outorgada no seu día por Augas de Galicia e os controis levados a cabo nas balsas mineiras e nos recursos hídricos da zona, así como as medidas previstas para a reposición das canles afectadas á súa situación inicial ou reducir a súa contaminación e evitar a súa chegada ás rías [130342](#)

1.4.5. Respostas a preguntas**I 39952 - 28842 (10/PRE-008334)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal, así como a realización dalgunha solicitude ao Goberno central ao respecto [130445](#)

I 39955 - 26968 (10/PRE-010190)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre o contido concreto previsto polo Goberno galego para o Plan de emerxencias [130448](#)

I 39953 - 28840 (10/PRE-010358)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal [130451](#)

I 39954 - 26969 (10/PRE-010859)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre o contido concreto previsto polo Goberno galego para o Plan de emerxencias, os informes que está a manexar para a ese fin e a súa opinión respecto da implantación dun mapa provincial de emerxencias baseado nas isócronas [130454](#)

I 39956 - 28841 (10/PRE-010867)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal, así como a realización dalgunha solicitude ao Goberno central ao respecto

[130457](#)**I 39714 - 33872 (10/PRE-011406)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a publicación da última guía de fisioterapia na atención primaria e a convocatoria polo Goberno galego de prazas públicas de fisioterapeuta

[130460](#)**I 39939 - 34263 (10/PRE-011419)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a consideración do Goberno galego respecto das conclusións recollidas no último informe de fiscalización do Consello de Contas sobre a conta xeral do Servizo Galego de Saúde e os motivos polos cales o Goberno galego xustifica o aumento da privatización de servizos sanitarios

[130462](#)**I 39938 - 38713 (10/PRE-011823)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia dun segundo equipo no Punto de Atención Continuada de Ponteceso e o tempo necesario para o desprazamento desde este ata o hospital máis próximo, os datos referidos aos contratos temporais realizados na época de verán con destino a ese PAC, así como a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria ofrecida nel

[130464](#)**I 39937 - 39296 (10/PRE-011880)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para introducir, no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha modificación na atención pediátrica a través da creación da figura do pediatra de área

[130467](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

I Sesión plenaria (día 20 de novembro de 2018, ás 10.00 horas)

[130344](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros na publicación do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, núm. 373, do 18 de outubro de 2018, das normas de funcionamento da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada [130349](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

- 39918 (10/PPL-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Proposición de lei de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 14 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 37543 (10/PNC-003014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas actuacións da actual familia titular do pazo de Meirás para evitar a súa devolución ao patrimonio público, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno central para ese fin

BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galiza acorda como resolución reprobar as argucias da familia Franco para intentar boicotear o proceso de devolución do pazo de Meirás, e insta a Xunta de Galicia para que requira o Goberno do Estado a que active con urxencia a demanda legal consonte o indicado na conclusión final do Informe da comisión de expertos, de acordo coa vontade unánime expresada o pasado 11 de xullo no Pleno do Parlamento de Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 30982 (10/PNC-002493)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego de plans de formación no respecto aos dereitos humanos dirixidos ao persoal funcionario autonómico, en especial aos que levan a cabo o seu labor con persoas ao límite da exclusión social, así como a realización nos centros educativos de cursos específicos de formación na materia

BOPG nº 309, do 23.05.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 37816 (10/PNC-003036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre o establecemento por parte do Goberno galego, en coordinación coa Fegamp, dun plan de dotación de servizos de socorrismo acuático que lles garanta cada tempada aos concellos unha dotación de efectivos conforme criterios homologados

BOPG nº 368, do 10.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 39614 (10/PRE-011902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa multa imposta pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia a once empresas do sector da informática e servizos de datos por actuar como un cártel na subministración de servizos ás administracións públicas, así como os datos referidos aos contratos asinados pola Xunta de Galicia, os organismos e entidades dependentes dela con esas empresas

- 39623 (10/PRE-011903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración da xestión levada a cabo pola Xunta de Galicia para mellorar o tratamento da violencia machista no ámbito xudicial, o cumprimento dos obxectivos da normativa vixente en materia de violencia de xénero e a evolución que presentan as oficinas de atención ás vítimas, así como os instrumentos que se están a empregar para avaliar a situación no ámbito xudicial e o grao de cumprimento do pacto de Estado nese eido

- 39626 (10/PRE-011904)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o balance do Goberno galego en relación co desenvolvemento do plan Rexurbe, co fin de mellorar a calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos máis pequenos, así como os datos referidos ás actuacións levadas a cabo para ese fin e o investimento realizado entre os anos 2010 e 2018

- 39629 (10/PRE-011905)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o balance do Goberno galego en relación co desenvolvemento do plan Rexurbe, co fin de mellorar a calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos máis pequenos, así como os datos referidos ás actuacións e investimentos levados a cabo para ese fin, o seu grao de execución orzamentaria nos anos 2016, 2017 e 2018 e o prazo previsto polo Goberno galego para acadar os obxectivos reflectidos no seu programa electoral en materia de rehabilitación de vivendas e locais comerciais

- 39659 (10/PRE-011906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a opinión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecto da non autorización da impartición das materias de Grego I e de Xeoloxía no IES Lama das Quendas, de Chantada, existindo no centro profesorado suficiente

- 39677 (10/PRE-011907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dun estudo do impacto das medidas fiscais existentes en Galicia e das contías deixadas de percibir e a constitución no Parlamento de Galicia dunha mesa de debate para acordar as rebaixas fiscais selectivas que debe adoptar, así como a elaboración dun estudo respecto dos servizos públicos galegos e o seu financiamento

- 39678 (10/PRE-011908)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para abordar o financiamento local, así como as súas intencións en relación coa convocatoria de axudas e subvencións para os concellos e a distribución do Fondo de Cooperación Local

- 39699 (10/PRE-011909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación xerada no Hospital Comarcal do Salnés, como consecuencia do pechamento da terceira planta desde o mes de xuño, e as súas previsións en relación co incremento do seu cadro de persoal, así como a súa opinión respecto da incidencia que tivo a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde na capacidade asistencial dos hospitais comarcais e, en concreto, nese hospital

- 39716 (10/PRE-011910)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida ao peche do centro da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home na cidade de Lugo, as actuacións previstas para garantir a continuidade dos proxectos de iniciativa social consolidados que prestan servizos de xeito descentralizado co fin de evitar a derivación das persoas usuarias a outras provincias, así como para fiscalizar o cumprimento da lexislación polas institucións e entidades de iniciativa social que perciben subvencións ou recursos públicos, e os datos referidos aos recursos asistenciais de trastornos adictivos existentes na provincia

- 39738 (10/PRE-011911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o estado de tramitación dos recursos presentados en relación co anuncio do 13 de abril de 2016, da Xefatura Territorial da Coruña, referido á toma de posesión dos predios de substitución da zona de concentración parcelaria de Val-Meirás-Lago II, nos concellos de Narón e Valdoviño, así

como o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a entrega de títulos de propiedade definitivos aos propietarios das novas parcelas

- 39775 (10/PRE-011912)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns das carencias e deficiencias que presenta o posto de control dos mariscadores da ponte da Pasaxe, no concello de Oleiros, e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver a situación dos mariscadores da ría do Burgo afectados polo sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos establecido na Lei 32/2010

- 39870 (10/PRE-011913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre o tipo de actuacións ou medidas ás que se van destinar os fondos recibidos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, as novidades que van conter e a repartición deses fondos

- 39876 – 40028 (10/PRE-011914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o nivel de credibilidade da rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 40028

- 39882 (10/PRE-011915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na aplicación do Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da Unión Europea, a suficiencia da documentación exixida ás empresas que comercializan a madeira para garantir a súa orixe legal e as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central de medidas cautelares para aquelas que non cumpran plenamente co “Sistema de dilixencia debida”

- 39909 (10/PRE-011916)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do estado de abandono e deterioración no que se atopan as instalacións deportivas de Portodemouros, no concello de Arzúa, así como as actuacións previstas para a súa rehabilitación e posta en funcionamento de novo

- 39913 (10/PRE-011917)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Supremo referida ao pagamento dos gastos hipotecarios e as súas intencións referidas ao incremento dos medios do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para posibilitarlles o labor de asesora-

mento ás persoas consumidoras de produtos financeiros, así como a posta en marcha dalgunha medida en materia de consumo fronte ás políticas comerciais e abusos das entidades financeiras

- 39923 (10/PRE-011918)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a data do coñecemento oficial pola Xunta de Galicia dos problemas derivados do derrubamento na pista que conduce ao barrio da Igrexa, na parroquia de Vilacoba, no concello de Salvaterra do Miño, e a apertura do expediente nº X-13906, da Consellería do Medio Rural, referido á reconstrución da pista municipal afectada, así como a súa opinión respecto da suficiencia da cantidade conveniada entre a Alcaldía e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural para ese fin

- 39926 (10/PRE-011919)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos actos de vandalismo ocorridos no pazo de Lourizán na primeira fin de semana do mes de novembro de 2018 e a súa posible relación co seu estado de conservación e coa falta de seguridade existente, así como o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento das obrigas asumidas no convenio de colaboración asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra ao respecto

- 39929 (10/PRE-011920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as manifestacións do Sr. presidente da Xunta de Galicia referidas á necesidade de repensar o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza

- 39936 (10/PRE-011921)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coas implicacións que supón, para a normalización do uso da lingua galega na Administración pública, o proceso de recentralización administrativa impulsado polo Goberno central nos últimos anos, a avaliación das súas consecuencias e as medidas adoptadas ao respecto para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía e a normalización do uso da lingua galega

- 39949 (10/PRE-011922)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre o contido dos acordos entre a Xunta de Galicia e o Concello respecto de asuntos relativos á cidade de Pontevedra e os prazos previstos polo Goberno galego para o remate da variante de Alba, a estación intermodal e o pavillón da Parda, así como para o transporte metropolitano e urbano, e a localización da nova residencia de persoas maiores

- 39962 (10/PRE-011923)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á súa coordinación co Concello de Meaño para o inicio da desafección das antigas casas dos mestres e aproveitar o espazo para ampliar o CEIP Coirón-Dena, así como as súas razóns para non darlles resposta ás demandas e valoracións realizadas pola ANPA do centro ao respecto

- 39965 (10/PRE-011924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as xestións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para o restablecemento do servizo de transporte adaptado que viña utilizando unha nena dependente de Laxe para o seu traslado ao centro educativo

- 39970 (10/PRE-011925)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos ás solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria de subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria destinadas aos concellos para o ano 2018 para a creación de viveiros industriais de empresas en parques empresarias da comunidade autónoma, as razóns da denegación das rexeitadas e a valoración do Goberno galego respecto dos resultados desa convocatoria

- 39972 (10/PRE-011926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre a valoración e os datos referidos á cobertura informativa dada pola CRTVG á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016

- 39979 (10/PRE-011927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns da intensificación nos últimos meses das protestas dos traballadores da CRTVG referidas á xestión que está a levar a cabo a actual Dirección da Corporación, así como a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

- 39991 (10/PRE-011928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o coñecemento e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación na que se atopa a empresa Noa Madera Creativa, S. L., asentada no polígono de Vilar do Colo, no concello de Fene

- 39993 (10/PRE-011929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión e a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias do persoal de enfermaría do Hospital Comarcal do Salnés referidas á situación de sobrecarga asistencial que está a padecer, como consecuencia do pechamento da terceira planta do centro

- 39885 (10/PRE-011930)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en marcha da planta de compostaxe anunciada en terreos de Sogama, así como as súas intencións respecto da execución das oito reflectidas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Asignación á deputada ou deputado, cualificación e publicación

- 38951 (10/PDC-000026) (10/POC-006268)

Pregunta de iniciativa popular sobre a afección que está a ter na saúde humana e nos ecosistemas a actividade da antiga mina do concello de Touro, as condicións da autorización outorgada no seu día por Augas de Galicia e os controis levados a cabo nas balsas mineiras e nos recursos hídricos da zona, así como as medidas previstas para a reposición das canles afectadas á súa situación inicial ou reducir a súa contaminación e evitar a súa chegada ás rías

BOPG n.º 375, do 24.10.2018

A Mesa toma coñecemento do escrito de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando (doc. núm. 39312) polo que solicitan asumir como propia e converter en pregunta con resposta oral en comisión (10/POC-006268) a pregunta de iniciativa popular doc. núm. 38951 (09/PDC-000026), e acorda:

1º. Asignar a pregunta aos deputados.

2º. Cualificala como pregunta con resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

3º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4º. Comunicar o acordo aos promotores da iniciativa.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 39952 - 28842 (10/PRE-008334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal, así como a realización dalgunha solicitude ao Goberno central ao respecto

- 39955 - 26968 (10/PRE-010190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o contido concreto previsto polo Goberno galego para o Plan de emerxencias

- 39953 - 28840 (10/PRE-010358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal

- 39954 - 26969 (10/PRE-010859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o contido concreto previsto polo Goberno galego para o Plan de emerxencias, os informes que está a manexar para a ese fin e a súa opinión respecto da implantación dun mapa provincial de emerxencias baseado nas isócronas

- 39956 - 28841 (10/PRE-010867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal, así como a realización dalgunha solicitude ao Goberno central ao respecto

- 39714 - 33872 (10/PRE-011406)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a publicación da última guía de fisioterapia na atención primaria e a convocatoria polo Goberno galego de prazas públicas de fisioterapeuta

- 39939 - 34263 (10/PRE-011419)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a consideración do Goberno galego respecto das conclusións recollidas no último informe de fiscalización do Consello de Contas sobre a conta xeral do Servizo Galego de Saúde e os motivos polos cales o Goberno galego xustifica o aumento da privatización de servizos sanitarios

- 39938 - 38713 (10/PRE-011823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa carencia dun segundo equipo no Punto de Atención Continuada de Ponteceso e o tempo necesario para o desprazamento desde este ata o hospital máis próximo, os datos referidos aos contratos temporais realizados na época de verán con destino a ese PAC, así como a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria ofrecida nel

- 39937 - 39296 (10/PRE-011880)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para introducir, no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha modificación na atención pediátrica a través da creación da figura do pediatra de área

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 20 de novembro de 2018, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 20 de novembro de 2018, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 13 de novembro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Comparecencia

38089 (10/CPP-000083)

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das actuacións para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais (doc. núm. 19044, corrección de erros doc. núm. 21081, 10/PPLI-000003)

Publicación da Proposición de lei, BOPG nº 371, do 16.10.2018

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (doc. núm. 32947, 10/PPL-000026)

Publicación da Proposición de lei, BOPG nº 331, do 04.07.2018

Punto 3. Mocións

3.1 40031 (10/MOC-000112)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Moción a consecuencia da interpelación nº 35115, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

3.2 40050 (10/MOC-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 23492 (10/PNP-001703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de sesenta e cinco anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.2 29816 (10/PNP-002188)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

4.3 30032 (10/PNP-002210)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano
Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

4.4 33233 (10/PNP-002513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

4.5 34769 (10/PNP-002615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

4.6 35217 (10/PNP-002628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 05.09.2018

4.7 39495 (10/PNP-002940)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

4.8 39685 (10/PNP-002961)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

Punto 5. Interpelacións

5.1 27682 (10/INT-000892)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

5.2 36087 (10/INT-001202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

5.3 38227 (10/INT-001266)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

5.4 38579 (10/INT-001276)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 40153 (10/POPX-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa resposta xudicial e institucional, incluída a da Xunta de Galicia, ao asasinato de 45 mulleres na última década

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

6.2 40154 (10/POPX-000116)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación da política do Goberno galego en materia de dotación de servizos e equipamentos sanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

6.3 40155 (10/POPX-000117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as políticas que vai levar a cabo o Goberno galego para rematar cos condicionantes de xénero na desigualdade económica e garantir os dereitos reprodutivos das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 40130 (10/PUP-000202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre o tipo de actuacións ás que se van aplicar os máis de oito millóns de euros correspondentes aos fondos recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para políticas de prevención de violencia de xénero no rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

7.2 40132 (10/PUP-000203)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir as reivindicacións dos traballadores da CRTVG que os levan á folga no mes de novembro de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

7.3 40096 (10/PUP-000200)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da misión especial a China encabezada pola Xunta de Galicia para participar na I Feira Internacional de Importación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

7.4 40105 (10/PUP-000201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia en Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

7.5 36800 (10/POP-004348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.6 37057 (10/POP-004372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e catro deputados/as máis

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

7.7 38820 (10/POP-004548)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do financiamento dun proxecto de residencia pública para persoas maiores en Boiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

7.8 39173 (10/POP-004589)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de que Galicia conte cun plan estratéxico propio, cara ao vindeiro período da Política Agraria Común, no que se teñan en conta as características do país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

7.9 36641 (10/POP-004332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presenta nos últimos anos a presenza da muller no sector marítimo-pesqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, núm. 373, do 18 de outubro de 2018, das normas de funcionamento da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatitis C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada

No BOPG, núm. 373, do 18 de outubro de 2018, publicáronse as Normas de funcionamento da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatitis C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada.

Advertidos erros materiais, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

- Na páxina núm. 125676, onde di: «II. Funcionamento», debe dicir: «III. Funcionamento».
- Na páxina núm. 125679, onde di: «Disposición derradeira», debe dicir: «Disposición derradeira única».

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental**.

Exposición de motivos

En moitos lugares de Galicia estanse a dar unha serie de acontecementos susceptibles de incidir negativamente nas condicións medioambientais da Comunidade Autónoma e ante os que cómpre establecer medidas normativas co obxecto de evitar calquera actuación lesiva. Así, moitas empresas están a promover instalacións de xestión e tratamento de residuos en solo rústico e/ou en solos preto de zonas residenciais, mais estes proxectos soen ser moi pouco garantistas respecto da protección do medio ambiente e poucas veces recollen plans de restauración fiables e efectivos.

A lexislación actual fai recaer nos concellos a obriga de ter que emitir informe sobre as solicitudes das empresas e relativo á compatibilidade urbanística dos proxectos, previa á autorización ambiental integrada competencia da Xunta de Galicia. Mais é coñecido que son moitas as ocasións nas que existe precariedade de medios municipais, fundamentalmente naqueles concellos que posúen unha maior superficie rural.

Cómpre pois mudar esta realidade, rematando coa indefensión á que moitas ocasións se ven abocadas veciñas e veciños, para o cal resulta convinte proceder á modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia co obxecto de mudar aquelas disposicións que garantan unhas condicións medioambientais máis esixentes e efectivas, *“dentro do máximo respecto á preservación dos valores que lle son propios, nunha aposta decidida pola explotación e xestión sustentable dos recursos naturais”*, tal e como recolle a propia lei.

Artigo único. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a alínea m do punto 1 do artigo 35, que queda coa seguinte redacción:

«m) Redes, instalacións e espazos asociados destinados á prestación de servizos urbanísticos de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga, saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, recollida, depósito e tratamento de residuos, subministración de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións e demais servizos esenciais ou de interese xeral, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.»

Dous. Engádesse unha nova alínea no artigo 39, que queda coa seguinte redacción:

«g *bis*) No caso dos usos regulados polo artigo 35, dos relativos a centros de tratamento e xestión de residuos e das pirotecnias, ademais do cumprimento do resto de condicións legalmente establecidas, as instalacións non poderán situarse a unha distancia inferior a 2.500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 1.000 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo ás circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental da contorna.»

Disposición transitoria primeira.

A Xunta de Galicia levará a cabo, no prazo non superior a 2 anos contados dende a entrada en vigor desta modificación lexislativa, as actuacións necesarias para coñecer a existencia de instalacións que non cumpran co establecido nesta lei no momento da súa entrada en vigor, dando traslado de tal información aos respectivos concellos e proponendo, no seu caso, as medidas necesarias para a súa modificación.

Disposición transitoria segunda.

A Xunta de Galicia levará a cabo os convenios necesarios con aqueles concellos que non dispoñan de medios suficientes, co obxecto de financiar as súas actuacións no relativo á obtencións dos necesarios informes sobre as instalacións ás que se refire a presente lei.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei ou a contradigan.

Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANTECEDENTES

- Constitución española de 1978.
- Estatuto de autonomía de Galicia de 1981.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/11/2018 09:59:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 09:59:12



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 10:57
Nº Rexistro: 39614
Data envío: 05/11/2018 10:57:26.310

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia fixo público o pasado 1 de agosto de 2018 a imposición dunha multa de 29,9 millóns de euros a 11 empresas por crear un cártel no subministro de servizos de informática e xestión de datos ás administracións públicas. Segundo a CNMC a trama empresarial repartiu clientes, pactou os prezos e as condicións comerciais e intercambiou información comercial sensíbel para encarecer a contratación pública.

As empresas sancionadas e as multas son as seguintes:

- Indra Sistemas SA: 13,5 millóns de euros
- SAG (Software AG) España SA: 6 millóns de euros
- Atos Spain SA: 5 millóns de euros
- Connectis ICT Services SA.: 1,8 millóns de euros
- IBM (International Business Machines) SA: 940.000 euros
- Everis Spain SL: 800.000 euros



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 10:57
Nº Rexistro: 39614
Data envío: 05/11/2018 10:57:26.310

- Babel Sistemas de Información SL: 633.917 euros
- Cibernos Consulting SA: 616.038 euros
- Gesein SL: 320.969 euros
- Accenture SL y Accenture Outsourcing Services SA: 300.000 euros
- Next Computer Services SA: 46.760 euros

Varias destas empresas son adxudicatarias de contratos da administración autonómica. Algunhas delas teñen unha relación intensa coa Xunta de Galiza e os seus organismos, como é o caso de Indra ou Aversis, que recibiron nos últimos anos cantidades millonarias en contratos públicos.

No tocante á empresa Aversis, foi beneficiaria no ano 2017 de contratos por valor de máis de 4 millóns de euros, a maior parte deles con AMTEGA, Sergas e Innovación e Industria

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Como valora o goberno galego a multa da CNMC a 11 empresas do sector da informática e servizos de datos por actuar como un cártel no subministro de servizos ás administracións?

2. Cantas e cales destas empresas son contratistas da Xunta de Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que contratos, con que concepto e cantidades asinou a Xunta de Galiza, ben directamente ou por medio de organismos, axencias e calquera outro tipo de entidades dependentes dela, con estas empresas?

4. Cal é o total da facturación da Xunta de Galiza con Averis nos anos 2012-2018?

5. Cal e o total da facturación da Xunta de Galiza con Indra nos anos 2012-2018?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2018 10:55:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 10:57
Nº Rexistro: 39614
Data envío: 05/11/2018 10:57:26.310

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 10:55:53

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 10:55:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/11/2018 10:55:56

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2018 10:55:59

Noa Presas Bergantiños na data 05/11/2018 10:56:00



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:19
Nº Rexistro: 39623
Data envío: 05/11/2018 12:19:13.843

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O 2018 ten sido un ano importante para o feminismo, que foi quen de mobilizar cun éxito histórico unha folga nos ámbitos laborais, de consumo e de coidados o pasado 8 de marzo. Sen dúbida algunha, unha data chamada a marcar un antes e un despois na nosa historia, xa que a sociedade esixiu que todos e todas pisemos o acelerador.

A vixencia da desigualdade, que ten a súa evidencia máis salvaxe nas violencias machistas contra as mulleres, debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin e situar o seu combate como un mandato de primeira orde os 365 días do ano. Só no que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres, unha situación insostíbel para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida, furtado pola violencia máis extrema do patriarcado.

Neste contexto debemos examinar aqueles ámbitos máis débiles que requiren da nosa actuación inmediata. Durante este 2018 evidenciáronse as moitas carencias que ten aínda unha xustiza tremendamente patriarcal. Casos como o da Manada desataron a nosa rabia e a contestación social, non só con importantes manifestacións no noso país, tamén coa repulsa de concellos e institucións de diversas cores políticas. Porén, a rabia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:19
Nº Rexistro: 39623
Data envío: 05/11/2018 12:19:13.843

non pode ficar nunha cuestión declarativa. Debemos pensar colectivamente nas melloras que precisa un ámbito tan elemental como o da xustiza.

Aínda sendo fundamental o papel que tiveron a lei estatal de violencia do 2004 e a galega do 2007, a ningún se lle escapa que quedan moitas lagoas no seu cumprimento e desenvolvemento. Un dos ámbitos máis delicados é o xudicial. Se ben este marco, o nacemento no ano 2005 de xulgados especializados e outros pasos teñen sido moi importantes na vida de moitas mulleres, tamén é certo que debemos atallar as súas deficiencias con maior dilixencia. É clave un desenvolvemento pleno e máis xusto do marco legal, para que este non se queden nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material. Nese sentido a creación dunha unidade específica de Violencia Machista no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero facilitaría unha maior fiscalización, seguimento e mellora. Vistos os casos que nos teñen escandalizado neste 2018 é obvio que cuestións tan elementais como a formación dos operadores xurídicos ou a habilitación de espazos seguros e íntimos para as vítimas son aínda incumpridos dunha forma que non é tolerábel.

Cada ano máis 5000 mulleres acuden aos xulgados galegos a poñer denuncias, e isto é só a punta do iceberg. Estímase que só un 20% dos casos chega aos xulgados, polo que sería unha irresponsabilidade deitar exclusivamente neste ámbito as actuacións. Por iso, un dos aspectos máis importantes é avanzar na sensibilización social.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do seu traballo para mellorar o tratamento no ámbito xudicial da violencia machista?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:19
Nº Rexistro: 39623
Data envío: 05/11/2018 12:19:13.843

- Considera cumpridos os obxectivos da lei galega de violencia machista? Con que valoración?

- Considera cumpridos os obxectivos da lei estatal de violencia machista? Con que valoración?

- Como valora a evolución das oficinas de atención ás vítimas?

- Considera reducida nun grao suficiente a violencia institucional que sofren as mulleres e menores vítimas de violencia machista? E garantida a súa confidencialidade?

- Que instrumentos emprega o goberno galego para avaliar a situación no ámbito xudicial? Ten valorado crear un organismo específico? Por que motivos?

- Cal é o grao de cumprimento do Pacto de Estado na materia?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:19
Nº Rexistro: 39623
Data envío: 05/11/2018 12:19:13.843

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/11/2018 12:18:08

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 12:18:13

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 12:18:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/11/2018 12:18:16

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2018 12:18:18

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2018 12:18:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:26
Nº Rexistro: 39626
Data envío: 05/11/2018 12:26:21.298

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

O 15 de abril de 2010 o presidente da Xunta presentou publicamente o Plan Hurbe, cuxo contido foi presentado tamén no Consello da Xunta nesa data.

Segundo a nota de prensa da Xunta de Galiza, o Plan tiña como finalidade mellorar a calidade de vida das zonas urbanas e dos concellos mái pequenos. Em canto ás cifras dos investimentos previstos, os datos anunciados en 2010 eran os seguintes:

“Os obxectivos do plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural “en resposta unha filosofía: unha praza, un concello”, explicou. Investiranse, deste xeito, 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas, e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos”



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:26
Nº Rexistro: 39626
Data envío: 05/11/2018 12:26:21.298

Pasados máis de 8 anos desde a presentación do Plan, sería conveniente realizar un balance das actuacións realizadas, considerando os seguintes aspectos: tipo de actuacións, custo medio, zonas do territorio onde se actuou, e criterios para a distribución dos fondos.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é o balance do Plan Rexurbe, cales foron as actuacións realizadas, en que concellos se fixeron, con que criterios de decidiron as actuacións e cal foi o investimento total do Plan entre 2010 e 2018?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:26
Nº Rexistro: 39626
Data envío: 05/11/2018 12:26:21.298

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2018 12:25:55

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 12:25:59

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 12:26:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/11/2018 12:26:02

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2018 12:26:03

Noa Presas Bergantiños na data 05/11/2018 12:26:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 39629
Data envío: 05/11/2018 12:37:51.585

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O programa electoral do PP ás eleccións autonómicas de 2016 contemplaba propostas en materia de rehabilitación e rexeneración urbana mediante a intervención pública directa.

Velaquí as propostas do programa de 2016:

- *MEDIDAS DE INTERVENCIÓN PÚBLICA DIRECTA: estas actuacións estarán orientadas a conseguir a rehabilitación de aqueles cascos ou edificacións que están especialmente degradados e que requiren, polo tanto, unha maior intervención pública para conseguir a súa rehabilitación.*

o REXurbe: programa de actuación pública de rexeneración urbana: Se realizarán intervencións directas e intensas de carácter público adquirindo e rehabilitando edificacións completas para conseguir a recuperación de espazos urbanos moi degradados onde a iniciativa privada non realiza ningunha intervención debido ao alto grado de deterioro ou marxinalidade do ámbito.

Deste xeito, se recuperarán importantes espazos urbanos conseguindo dinamizar economicamente estes ámbitos, protexer o patrimonio construído e fixar poboación nos cascos históricos de Galicia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 39629
Data envío: 05/11/2018 12:37:51.585

Estas áreas serán declaradas como zona de ACTUACIÓN PÚBLICA DE REXENERACIÓN URBANA, co nome REXurbe. Baixo este programa se rehabilitaran máis de 1.500 vivendas e 350 locais comerciais en máis 500 edificios.

o Ademais, tamén se realizarán actuacións en núcleos de poboación máis pequenos coa intención de conservar o seu patrimonio e atraer e fixar poboación no medio rural.

o Buscarase a colaboración e implicación dos concellos para asumir as actuacións de reurbanización dos espazos públicos, así como adoptar medidas orientadas a facilitar as actuacións de rehabilitación con bonificacións en licencias e IBI, tanto para as actuacións públicas como para as de particulares que se executen no ámbito.

O orzamento do Instituto Galego de Vivenda e Solo inclúe nos últimos anos partidas para o desenvolvemento do programa Rexurbe en diversas vilas e cidades galegas. Dado que estamos na metade da lexislatura, resulta de interese facer balance dos resultados deste programa.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal é o balance do programa Rexurbe nos anos 2016-2018?
2. Cantas actuacións se realizaron e en que concellos?
3. Cal foi o grao de execución orzamentaria do programa Rexurbe nos anos 2016, 2017 e 2018?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 39629
Data envío: 05/11/2018 12:37:51.585

4. Cal foi o investimento total e por anualidades do programa?
5. Cando ten previsto o goberno galego acadar o obxectivo de rehabilitar 1500 vivendas e 350 locais comerciais en 500 edificios?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2018 12:37:06

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 12:37:10

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 12:37:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/11/2018 12:37:13



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 39629
Data envío: 05/11/2018 12:37:51.585

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2018 12:37:15

Noa Presas Bergantiños na data 05/11/2018 12:37:16

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia establece no seu artigo 21º e para as ensinanzas de bacharelato que:

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro.
2. As materias troncais de opción contarán, con carácter xeral, cun mínimo de cinco alumnos/as para poder ser impartidas.
3. Con carácter xeral, a impartición das materias específicas quedará vinculada a que exista un número mínimo de dez alumnos/as.
4. Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnos ou alumnas que, en ningún caso, será inferior a cinco.
5. Co obxecto de ofertar unha preparación especializada ao alumnado, acorde coas súas perspectivas e intereses de formación, os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección das materias de opción.
6. As variacións no número de alumnos/as necesario para ofrecer algunha materia terá sempre carácter extraordinario e precisará a autorización expresa da xefatura territorial provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
7. A oferta das materias do bloque de troncais de opción e de materias específicas deberá atender os criterios de demanda do alumnado, a dispoñibilidade de profesorado no centro e as posibilidades organizativas e a dispoñibilidade de recursos.

Á súa vez, o Decreto 86/2015 establece que, no caso do primeiro curso de bacharelato o alumnado cursará dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques **que faciliten o tránsito á educación superior**, citando Economía, Grego I, Historia do Mundo Contemporáneo e Literatura Universal.

Para o caso do segundo curso, o mesmo Decreto citado establece que na modalidade de Ciencias o alumnado cursará dúas materias máis de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais: Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Xeoloxía e Química e na modalidade de Humanidades e ciencias sociais, dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior: Economía da Empresa, Xeografía, Grego II e Historia da Arte.

Tanto no caso da materia de Grego I e a súa progresión Grego II como no da Xeoloxía, vemos que se consideran como materias da coñecida como parte voluntaria, conforme ao establecido na Resolución do 27 de marzo de 2018, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2017/18, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2018/19. Todo o exposto ata este momento sería suficiente para poñer de manifesto a incongruencia existente na normativa, que por un lado fala de establecer determinadas excepcións que pretenden garantir unha oferta suficiente no caso de centros con pouco alumnado e por outro limita esa posibilidade.

No caso do IES Lama das Quendas e do IES Val do Asma de Chantada atopámonos cunha realidade que evidencia o que este grupo parlamentario ten denunciado en moitas ocasións; a desvantaxe que teñen os alumnos que, en centros con menos alumnado, optan por materias con escasa demanda.

A este centro non lle foi autorizada a impartición das materias de Grego I, porque era demandado por tres alumnos e de Xeoloxía, porque a demandaban dous. O verdadeiramente inverosímil do caso é que este centro conta con profesorado con destino definitivo no centro que podería impartir ambas materias e, que polo tanto, non suporía en ningún caso, incremento de docentes; e isto é así porque ese profesorado está a facer gardas nas horas que podería estar impartindo esas materias.

Ante a situación o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que resulta razoable que non se autorice a impartición de materias existindo profesorado suficiente no centro?

2ª) Considera razoable que o profesorado teña que facer gardas innecesarias en lugar de dar clases da súa especialidade por non acadar un determinado número de alumnos demandando determinadas materias?

3ª) Cre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que situacións como a descrita no IES Lama das Quendas de Chantada poñen en evidencia que se dan situacións que afondan na desigualdade de oportunidades entre o alumnado?

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:30
Nº Rexistro: 39659
Data envío: 05/11/2018 17:30:08.331

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/11/2018 16:29:15

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/11/2018 16:29:25

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Aínda que os datos macroeconómicos avanza, a realidade é que unha boa parte de galegos e galegas non son perceptores destas melloras, sendo continúa a perda de poboación, a emigración forzosa, a precariedade laboral, o empeoramento dos servizos públicos e o seu copagamento. Polo tanto, hai que facer unha análise de como e en que condicións se está a saír da crise e en que medida o Goberno autonómico está axudando a paliar os efectos máis adversos para as persoas.

A política, nomeadamente a política fiscal, ten que servir para facer unha redistribución e equilibrar por abaixo ás persoas máis vulnerables económica e socialmente, polo que ten que contribuír máis quen máis ten, ao tempo que practicar unha auténtica loita contra a fraude fiscal, acadando os ingresos necesarios para manter uns servizos públicos universais e con calidade.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego elaborar un estudo no que se avalíe o impacto das medidas fiscais existentes en Galicia, así como as contías deixadas de percibir?

2ª) Vai o Goberno galego constituír, dentro do Parlamento de Galicia, unha mesa de debate para acordar as rebaixas fiscais selectivas que debe adoptar o Goberno galego?

3ª) Vai o Goberno galego elaborar un estudo sobre os servizos públicos galegos e o seu financiamento comparándoos cos existentes nos países máis desenvolvidos da Unión Europea?

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:57:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/11/2018 17:58:03

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais e o Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionadas. En cumprimento destes principios, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 105.1 establece que: *“De conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotaranse ás facendas locais dos recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais”*; polo tanto, o cumprimento do principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberá dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, nas administracións máis importantes ante a cidadanía.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento local denominado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, pero, a pesar do disposto na normativa vixente os acordos tomados no seo da Fegamp, o financiamento das entidades locais segue a ser o tema pendente máis importante cos gobernos locais, que teñen asumido, ademais, das competencias propias unha serie de competencias impropias sen o financiamento necesario para levalas a cabo.

De igual xeito, as axudas, subvencións, convenios e outras fórmulas polas que a Comunidade Autónoma achega recursos aos concellos non dan cumprimento co obxectivo de transparencia e obxectividade contemplado na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo Goberno de Galicia.

Á vista destes datos, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cando vai abordar o Goberno galego o financiamento local?

2ª) Vai o Goberno galego continuar convocando axudas ou subvencións aos concellos galegos sen garantir a transparencia e a igualdade de oportunidades contida na Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno?

3ª) Vai seguir incluíndo o Goberno galego dentro da contía do Fondo de Cooperación Local cantidades condicionadas para determinados concellos?

Pazo do Parlamento, 31 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:58:31

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/11/2018 17:58:38

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 05/11/2018 17:58:44

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde a inicios de 2018 os hospitais comarcais teñen estado no foco dos problemas de asistencia hospitalaria no Sistema galego de saúde, pois en numerosas ocasións se teñen dado escenarios de perda temporal de servizos pola ausencia de persoal ou problemas de recursos materiais. Así, constátase a realidade da súa perda de capacidade asistencial e a súa nula posibilidade de influír na toma de decisións, como foi alertado coa tramitación da devandita reforma da lei.

O caso do Hospital do Salnés resulta paradigmático. Un centro que viu nos últimos meses recortadas as súas prestacións ben por unha cuestión de recursos humanos, como no caso do servizo de medicina interna que antes do verán perdeu á metade dos seus integrantes, ou de recursos materiais, como a obrigada derivación de pacientes a Pontevedra ao avariarse o TAC do Hospital no mes de outubro e demorarse unha semana a atención para resolver o problema.

Nos últimos días de outubro e inicio de novembro, o Hospital do Salnés sufriu un novo problema serio ao ter que permanecer varios pacientes en cabinas de urxencias sen poder ingresar por non haber camas dispoñibles. Esta situación dáse ao estar a terceira planta do Hospital do Salnés pechada dende o mes de xuño, sen estar nin sequera dotado de persoal suficiente para poder atender a esa planta. A limitación de camas obrigou non so a estas citadas esperas en urxencias, senón a manter na segunda planta, destinada a outros fins, a ata 5 pacientes de obrigado illamento, o que limitou máis aínda a capacidade do hospital ao ter que dedicar habitacións dobres á atención individual debido á situación de illamento.

A situación de auténtica precariedade que viven os profesionais, sumada á previsión da chegada do inverno que aumenta a entrada no hospital de persoas afectadas polos previsibles episodios de gripe, provoca un enorme escenario de incerteza para profesionais e pacientes, que observan como a calidade de atención

do hospital descende polo desleixo e abandono por parte da Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, o deputado e deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno de Galicia da situación acaecida no Hospital do Salnés con enfermos agardando en urxencias por un ingreso e pacientes en illamento na segunda planta mentres a terceira permanecía pechada?
2. Ten previsto o Goberno de Galicia incrementar o persoal da plantilla do Hospital do Salnés proximamente? En que volume, servizos e prazo de tempo?
3. Cree o Goberno de Galicia que a capacidade asistencial dos hospitais comarcais aumentou ou diminuíu dende a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde? E en concreto do Hospital do Salnés?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/11/2018 11:28:44

Noela Blanco Rodríguez na data 06/11/2018 11:28:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A finais de setembro de 2018 a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia pechou o seu centro de atención na cidade de Lugo, no barrio da Tinería, o único da provincia, tras 21 anos de funcionamento.

Esta fundación realiza labores de rehabilitación e reinserción social de persoas con trastornos de adicción.

Segundo a Xerencia, os motivos do peche son a reordenación de recursos e a viabilidade económica, ao asegurar que o peche se produce como consecuencia da baixada de demanda nos últimos anos, véndose xa a actividade reducida en Lugo en 2011, co peche dos pisos tutelados.

Sen embargo, o peche do centro en Lugo enmárcase nun proceso global de represalias laborais contra o persoal que reclama os seus dereitos laborais, pisoteados pola Fundación ao non acollerse ao Convenio Colectivo Estatal de Acción e Intervención Social.

O peche deste centro en Lugo conlevou que usuarios e usuarias sexan derivadas a Santiago se queren continuar sendo destinatarias dos programas e servizos que recibían. Con esta medida tanto a cidade como a provincia de Lugo quedan desatendidas, co dano que iso xera para a poboación que tiña en Proxecto Home



unha referencia para tratar os problemas de adiccións e a súa posterior reinserción social. Segundo o persoal, o centro lucense atendía a unha media de 50 persoas ao ano, ademais das súas familias. A situación é especialmente lesiva para as persoas da Mariña, que deben trasladarse para os seus tratamentos a Santiago. Ademais, dende a Mariña non puideron derivar a unha muller cunha recente maternidade á Comunidade Terapéutica de Cernadas (Val do Dubra), de Proxecto Home, porque a Xerencia decidiu non derivar máis persoas a dito servizo, aínda habendo prazas habilitadas (29 persoas usuarias neste momento, habendo 72 prazas), e sendo a única comunidade terapéutica que contempla internamentos de mulleres con fillos ao cargo.

Malia as achegas públicas a esta entidade, cun Padroado fundamentalmente relixioso, durante o último ano o cadro de persoal diminuíu, pecháronse servizos e negóuselles ás persoas usuarias o acceso a recursos asistenciais.

Dende En Marea defendemos que a atención aos trastornos aditivos deben ser atendidos de xeito integral polo sistema público.

Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben presentan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que opinión lle merece á Xunta o peche do centro de Proxecto Home en Lugo?
- 2.^a) Pediu a Xunta explicacións á Fundación polo peche do centro de Lugo?
- 3.^a) Como ten previsto a Xunta garantir que proxectos de iniciativa social consolidados que prestan servizos de xeito descentralizado o continúen facendo, para evitar derivacións das persoas usuarias dos mesmos a outras provincias?
- 4.^a) Como vai a Xunta fiscalizar o cumprimento da lexislación por parte das institucións e entidades de iniciativa social que perciben subvencións ou cartos



públicos, garantindo as condicións laborais e de calidade na atención ás persoas usuarias estipuladas normativamente?

5.^a) Ten previsto a Xunta denegar subvencións ou aportacións públicas de calquera tipo a entidades denunciadas e recoñecidas pola Inspección de Traballo por explotación laboral?

6.^a) A onde se derivaron as persoas usuarias de Proxecto Home Lugo?

7.^a) Que recursos de asistenciais de trastornos aditivos existen na provincia de Lugo?

8.^a) Cal é a lista de agarda para ditos servizos na provincia de Lugo?

9.^a) Parécelle axeitado que persoas drogodependentes da Mariña teñan que acudir a Santiago para tratar trastornos aditivos?

10.^a) Cantas persoas da provincia de Lugo con trastornos aditivos foron tratadas pola Rede Asistencial de Trastornos Aditivos dende o ano 2015?

11.^a) Cal foi a súa desagregación por idade e sexo?

12.^a) Que medidas específicas de atención a mulleres drogodependentes se impulsaron ou van impulsar na provincia de Lugo?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2018 17:49:17

Eva Solla Fernández na data 06/11/2018 17:49:24

Luis Villares Naveira na data 06/11/2018 17:49:31

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Tal como se recolle na exposición de motivos a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, *“a reestruturación parcelaria incide no obxectivo de mellora da estrutura territorial das explotacións, estudando para cada suposto as solucións que favorecen a súa rendibilidade e que resultarán, segundo os casos, nun único predio uniforme ou en varios ben diferenciados”*. Temos así que son procesos básicos para sentar as bases para a un aproveitamento agrogandeiro-forestal en moitas zonas cun enorme potencial neste eido.

A publicación do decreto 384/1991 do 7 de novembro, comezaba o proceso do que naquel entón era chamado proceso de Concentración parcelaria no que se falaba da urxencia na execución polo interese social que supoñía para a zona de Lago, Meirás e O Val nos concellos de Narón e Valdoviño.

A pesar desta suposta urxencia a realidade é que o proceso hoxe chamado de reestruturación parcelaria atópase aínda sen rematar sendo que a Xunta publicaba o mércores, 27 de abril de 2016 no DOG número 80 o *ANUNCIO do 13 de abril de 2016, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se publica a toma de posesión das leiras de substitución da zona de concentración parcelaria de Val-Meirás-Lago II (Narón/Valdoviño-A Coruña)*. A través do cal faise a toma de posesión provisional das novas fincas.

Con este anuncio entrase na fase final dun proceso que a pesar do carácter de urxente que lle daba o Decreto 384/1991 arrincou hai 27 anos.

En outubro de 2018 os propietarios son coñecedores das súas novas parcelas e onde teñen o dereito de explotación das novas leiras pero seguen agardando a que a Xunta de Galicia lles faga entrega dos títulos de propiedade, polo tanto, os

deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Resolvéronse todos os recursos presentados e pendentes de resolución dos que fala o anuncio anteriormente referido?

2ª) Cal é o prazo previsto pola Xunta de Galicia para entregar os títulos de propiedade definitivos aos propietarios das novas parcelas na reestruturación parcelaria Lago - Meirás - Val II, nos concellos de Narón e Valdoviño?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/11/2018 10:21:02

Raúl Fernández Fernández na data 07/11/2018 10:21:12



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 10:51
Nº Rexistro: 39775
Data envío: 07/11/2018 10:51:08.762

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo e a Confraría de Pescadores/as da Coruña levan anos reclamando unha solución para a ría, constatándose ano tras ano que non hai vontade real de levar adiante as urxentes actuacións que se precisan para á Rexeneración medioambiental e da Recuperación dos bancos marisqueiros da Ría do Burgo.

Non hai avances na recuperación medioambiental, a Xunta de Galicia non ten adoptado ningunha medida máis cá propaganda, os grandes anuncios de actuacións que nunca se levan a cabo, ou fraudulentas reivindicacións contra o Goberno español cando non é da súa cor política.

Temos si un acordo unánime desta cámara de hai poucas semanas de instar ó goberno central de incluír nos orzamentos do estado a cantidade necesaria prá rexeneración pendente que supera os 46 millóns de euros. Houbo tantas manobras dilatorias duns e doutros que o escepticismo está instalado nos afectados. Non así a continuidade da loita que é cada vez máis sólida e firme.

En todo caso, a realidade é que cada día e ano que pasa, as principais vítimas da contaminación na Ría do Burgo, os colectivos de mariscadores e mariscadoras, están



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 10:51
Nº Rexistro: 39775
Data envío: 07/11/2018 10:51:08.762

máis sumidos na miseria económica e cada día máis comidos polos lodos e o medre da improdutividade dos bancos marisqueiros da Ría.

Non abondando con este panorama, a situación do posto de control situado en terreos cedidos por COPIGAL á beira da Ponte da Pasaxe, no Concello de Oleiros encontrase nun estado lamentable. Neste posto procédese a seleccionar e cribar o marisco e á súa pesaxe para despois levalo a depurar. Tamén se usa para que se cambien os mariscadores. Carece de auga e de subministro de enerxía eléctrica (usan un xerador). Froito disto non se poden asear, nin dispor (por exemplo) dun ordenador.

Pero hai máis. Inicialmente non estaba contemplado o cese de actividade por presenza de toxinas (afecta aos traballadores do mar) mais tras unha modificación agora si que se contempla. O problema é que non teñen dereito a prestación ata o primeiro día do mes seguinte aínda que non ocorre así á inversa.

Poñámonos no caso, unha ría pecha ao marisqueo por presenza de toxinas o 4 de maio mais non se lle reconece a prestación ata o 1 de xuño, porén, se a ría volve abrir o 16 de xuño teñen que se reincorporar ao traballo ese día cobrando só 16 días de prestación e quedando así sen ingresos entre o 4 de maio, peche da ría, e o 1 de xuño, cando empeza a computar o período de cobro da prestación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é a razón pola que o posto de control dos/as mariscadores/as da Ponte da Pasaxe, básico para o desenvolvemento do seu traballo non reúne as condicións mínimas e se atopa nas condicións lamentables actuais?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 10:51
Nº Rexistro: 39775
Data envío: 07/11/2018 10:51:08.762

-Por que non se toma desde o goberno galego a iniciativa para solventar de xeito positivo esta problemática?

-É sabedora a Xunta de Galicia da situación dos mariscadores da ría do Burgo afectados negativamente polo sistema específico de protección por cese de actividade dos traballadores autónomos que establece a lei 32/2010?

-Pensa tomar algunha medida ó respecto?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2018 10:46:38

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2018 10:46:43



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 10:51
Nº Rexistro: 39775
Data envío: 07/11/2018 10:51:08.762

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 10:46:45

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2018 10:46:46

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2018 10:46:47

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2018 10:46:48

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Todos os días do ano deberían ser 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O Grupo Parlamentario Socialista quere manifestar o seu firme compromiso coas mulleres vítimas desta lacra social que debe ser erradicada. E para iso necesitamos o compromiso individual de todos a cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo de toda a sociedade. Non un só día, senón todos os días do ano. A violencia machista nos interpela a todos e todas e a nosa obriga é combatela con todos os medios, empezando polas administracións, cada unha desde as súas competencias.

Para o Grupo Parlamentario Socialista, garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, as súas fillas e fillos, é un obxectivo prioritario. Non seremos unha democracia plena mentres existan mulleres ameazadas e inseguras e mentres algunhas destas mulleres acaben asasinadas.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que queremos ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obriga. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo feito de ser mulleres.

O combate contra a violencia machista e a atención ás vítimas non poderá avanzar se non se establecen mecanismos de coordinación entre as diferentes administracións con competencias na materia. Todas as institucións teñen que remar xuntas nese obxectivo, por enriba de formulacións políticas e estratexias. E para que iso sexa posible, hai que dotar as administracións dos recursos económicos e do persoal especializado que se require.

O Congreso e o Senado aprobaron fai un ano as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cun amplo consenso entre todos os grupos.

Desde xuño de 2018, España conta cun novo Goberno. Un goberno feminista comprometido coa igualdade e empeñado en acabar coa violencia de xénero. Das palabras tense pasado ós feitos. Do inmovilismo á acción e se teñen posto en funcionamento moitas das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Na reunión da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o pasado 31 de xullo, á que tamén asistiron representantes da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), acordaron por unanimidade os criterios para o reparto dos 100 millóns de euros correspondentes ás comunidades e cidades Autónomas previstos no Pacto de Estado, e se distribuíu o fondo procedente da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros. Do mesmo xeito, aprobáronse os criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os concellos.

O 3 de agosto aprobouse un real decreto lei que xa foi validado por unanimidade no Congreso dos Deputados, que:

- Devolve as competencias ós concellos na promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, e establece o reparto dos 20 millóns de euros comprometidos no Pacto, que se dobrarán ata 40 millóns no vindeiro ano. Os concellos son unha peza imprescindible nesta batalla, o primeiro recurso, e en ocasións o único, que teñen ó seu alcance as vítimas.
- Modifica a Lei integral contra a violencia de xénero para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilitar o acceso ós recursos de asistencia, ó introducir que a acreditación de situacións de violencia poida realizarse a efectos administrativos mediante informe dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. Deste xeito se facilita o acceso a dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social.
- Modifica o Código Civil para que os menores expostos á violencia de xénero só necesiten o permiso dun proxenitor para recibir atención psicolóxica. Un maltratador non pode ser un bo pai.

Por outro lado, se volveu a poñer en funcionamento o Observatorio de Saúde das Mulleres. Tamén se previron solucións habitacionais para mulleres vítimas de violencia de xénero dentro do Plan estatal de vivenda. E o vindeiro curso escolar contará con materias en valores e dereitos de igualdade.

De igual modo, nestes momentos, estase a tramitar no Congreso dos Deputados a Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista para reformar a Lei

orgánica do poder xudicial, co obxectivo de formar ós xuíces e maxistrados en materia de igualdade, así como para aumentar o número de xulgados do penal especializados en violencia machista.

Tamén recentemente, o Congreso dos Deputados ten admitido a trámite a Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista para garantir a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, para avanzar na igualdade efectiva no ámbito empresarial e laboral.

Por outra banda, no avance dos orzamentos para 2019, o Goberno de España comprometeuse a financiar de xeito completo o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Polo que respecta á Xunta de Galicia, dende o Grupo Parlamentario Socialista vén solicitando retiradamente o aumento das partidas de igualdade. Este ano o incremento nas políticas de violencia de xénero, foi froito fundamentalmente da aportación de algo máis de 8 millóns por parte do Estado pola aprobación do Pacto de Estado da Violencia de Xénero, pero no relativo a aportación por fondos da propia Comunidade deixan constancia da falla de intención da Administración autonómica para sumar esforzos ao menos en igual proporción e atallar este grave problema que afecta directamente ás mulleres galegas.

As medidas que se prevén poñer en práctica para o 2019, segundo a memoria orzamentaria presentada, responden en gran medida as recomendacións da propia Ponencia desenrolada na Comisión de Igualdade, sen embargo chama poderosamente a atención como se obvia absolutamente algún tipo de medida ou acción directa no rural galego. Máxime cando do reparto que fixo o Estado de 10 millóns entre todas as comunidades autónomas en función da condición rural, Galicia é a Comunidade que recibe máis fondos, exactamente un 31,5 % do seu total, o que supón practicamente o 40 % do total de 8.027.342,48 €.

O gasto deses fondos recibidos do Estado ten que xustificarse coa posta en práctica de calquera das medidas reflectidas no Pacto de Estado, polo que parece que un 40 % das mesmas en coherencia cos criterios de adxudicación deberan ir destinadas especialmente á política de prevención da violencia de xénero no rural. Nin un só comentario na memoria de orzamentos ó respecto, nin un só.

En definitiva, consenso, si, pero compromiso político tamén.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. En que tipo de accións ou medidas se aplicarán os fondos recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero?
2. Que novidades conterán?
3. Cal será o reparto previsto?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 07/11/2018 17:08:45

María Dolores Toja Suárez na data 07/11/2018 17:08:51

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/11/2018 17:08:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/11/2018 17:09:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/11/2018 17:09:04

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do Parlamento de Galicia do pasado 31 de outubro alterouse gravemente o decorrer da comisión, o que provocou un problema en termos de forma e fondo.

Na cuestión formal, resultou chamativa a inacción e convivencia da Presidencia da Comisión que permitiu a interrupción da intervención dun deputado por parte dun asistente sen identificar, que puido subirse á mesa da Presidencia para intercambiar algunhas impresións e observacións co director xeral da CRTVG, Sr. Sánchez Izquierdo, que comparecía para responder ás preguntas dos grupos parlamentarios. Sen ningunha advertencia nin dirixirse á persoa que interrompeu o decorrer da Comisión, incluso o deputado interrompido foi chamado ao “decoro” para que non puxera o acento sobre a situación ocorrida.

Este escenario complementase co problema de fondo ocorrido, que foi a manipulación realizada do momento dunha información publicada na web da CRTVG, sobre a que o deputado intervinde estaba chamando a atención e corrixindo a resposta previa do Sr. director xeral, que afirmaba que tal afirmación xa estaba cambiada. Esta información, referida a unha nova no seu día ofrecida nos informativos da radio e televisión públicas, e que resultaba falsa, levaba un ano publicada co erro mantido, e sinalaba a unha persoa como detida por unhas supostas acusacións, cando a información tense demostrado falaz.

O vivido na Comisión amosou como a propia web da CRTVG cambiou durante a realización da pregunta, como puideron comprobar os asistentes que observaron as dúas versións, e que coincidiu tal cambio coa interrupción da sesión por parte do asistente á comisión sen identificar.

Este conglomerado de irregularidades provoca unha falta de credibilidade sobre o funcionamento da CRTVG e da propia comisión parlamentaria de control, o que redunda nun problema global da CRTVG sobre a súa propia confiabilidade como servizo público.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que nivel de credibilidade considera a Xunta de Galicia que ten a rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria?
2. Cre o Goberno da Xunta de Galicia que é aceptable o ocorrido durante a citada Comisión coa interrupción e a modificación dos contidos no acto para xustificar un erro previo?
3. Ten pensado o Goberno de Galicia tomar algunha decisión sobre o ocorrido? Ten previsto algunha medida sobre a persoa que interrompeu a comisión se esta pertence á CRTVG?
4. Que imaxe cre o Goberno de Galicia que ofrece a CRTVG cando ocorren situacións como esta?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/11/2018 17:23:50

Noela Blanco Rodríguez na data 07/11/2018 17:23:56

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **39875** e **39876**, advertido un erro en ditos documentos.

Corrección de erros

Onde di:

“Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que nivel de credibilidade considera a Xunta de Galicia que ten a rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria?
2. Cre o Goberno da Xunta de Galicia que é aceptable o ocorrido durante a citada Comisión coa interrupción e a modificación dos contidos no acto para xustificar un erro previo?
3. Ten pensado o Goberno de Galicia tomar algunha decisión sobre o ocorrido? Ten previsto algunha medida sobre a persoa que interrompeu a comisión se esta pertence á CRTVG?
4. Que imaxe cre o Goberno de Galicia que ofrece a CRTVG cando ocorren situacións como esta?”

Debe dicir:

“Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta polo director xeral da CRTVG:

1. Que nivel de credibilidade considera que ten a rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria?
2. Cre que é aceptable o ocorrido durante a citada Comisión coa interrupción e a modificación dos contidos no acto para xustificar un erro previo?

3. Ten pensado tomar algunha decisión sobre o ocorrido? Ten previsto algunha medida sobre a persoa que interrompeu a comisión se esta pertence á CRTVG?
4. Que imaxe cre que ofrece a CRTVG cando ocorren situacións como esta?"

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2018 12:34:17

Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2018 12:34:23

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da UE (Regulamento EUTR), establece as obrigas dos axentes e das empresas que comercializan madeira e os seus produtos de dispoñer dun procedemento interno que analice e minimize os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal, Regulamento que pertence ao ordenamento estatal dende o ano 2015. As dúas normas significan que as empresas están obrigadas polo chamado “sistema de Dilixencia Devida”, que consiste na obriga dos axentes e das empresas de realizar un exercicio de xestión do risco que permita reducir ao mínimo o perigo de comercialización na UE de madeira aproveitada ilegalmente. Ocorre que o Goberno galego se inhibe das súas obrigas para cumprir toda a lexislación (europea, estatal e galega) e non está a evitar a entrada de madeira ilegal no país.

Así, a organización ecoloxista “Greenpeace” ten solicitado á Xunta de Galicia que investigue a posible entrada a través de portos galegos de madeira de teca de Myanmar (antiga Birmania) procedente de actividades forestais ilegais, que se está a empregar nas cubertas de cruceiros de luxo construídos no porto de Vigo. Existe un amplo consenso dentro das distintas administracións, das federacións da industria, das entidades de supervisión de EUTR, das ONG e dos expertos sobre o alto risco de ilegalidade da madeira procedente de Myanmar: a propia Asociación Española de Industria e Comercio da Madeira aconsellou aos seus asociados non importar madeira procedente deste país, Nacións Unidas para o Medio Ambiente elaborou informes que corroboraron as recomendacións do sector importador desta materia prima e tamén o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación desaconsella as importacións de teca deste país.

O Goberno galego descoñece absolutamente o que significa o “sistema de Dilixencia Devida” e as obrigas que ten na aplicación do Regulamento EUTR. Basta con visionar as respostas a este grupo parlamentario por parte do director Xeral de Política Forestal para se dar de conta. E iso que a Lei de montes de Galicia recolle no seu artigo 104 que a Xunta de Galicia adoitará as medidas oportunas para evitar a comercialización da madeira e produtos derivados procedentes de talas ilegais nos bosques naturais de terceiros países.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. A afirmación do director xeral de Política Forestal da Consellería de Medio Rural de que o Regulamento EUTR é unha normativa complexa e que vai supoñer moito traballo significa que esa suposta complexidade é unha escusa para a demora ou laxitude na súa aplicación?
2. Ten dúbidas o Goberno galego sobre a aplicación do Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da UE (Regulamento EUTR)?
3. É suficiente garantía para o Goberno sobre a orixe legal da madeira que as empresas envíen os documentos que acompañan aos lotes de madeira, tal e como dixo o director xeral de Política Forestal da Consellería de Medio Rural?
4. Vai solicitar o Goberno galego ao Goberno do Estado que emita medidas cautelares ás empresas que non cumpriran plenamente co “sistema de Dilixencia Debida”?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

Luís Manuel Álvarez Martínez

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/11/2018 17:34:47

Raúl Fernández Fernández na data 07/11/2018 17:34:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/11/2018 17:34:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 17:37
Nº Rexistro: 39882
Data envío: 07/11/2018 17:37:33.430

María Luisa Pierres López na data 07/11/2018 17:35:01



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39909
Data envío: 07/11/2018 18:59:22.013

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Na parroquia arzuá de Dombodán, á beira do encoro de Portodemouros acondicionouse na década dos 90 con fondos europeos do plan Leader un complexo deportivo que chegou a ser un importante foco de atracción turística e deportiva, pois foi un centro náutico de referencia chegando a albergar competicións deportivas oficiais.

O PP desde a Xunta de Galiza no ano 2010 interveu a xestión do complexo dando de baixa do rexistro de empresas e actividades turísticas á empresa que xestionaba o complexo por incumprimento das súas obrigas, mais non ofreceu ningunha alternativa para frear o desmantelamento progresivo das instalacións.

Oito anos despois os edificios e demais instalacións presentan un estado lamentable de abandono, pillaxe e destrución, ademais da ausencia do servizo que prestaba en primeiro lugar á comarca e que transcendía a esta para o resto do País galego e mesmo ó estado.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten coñecemento a Xunta de Galicia da situación de abandono e deterioro das instalacións das que falamos?

-Ten pensado emprender algunha iniciativa que reverta esta situación dándolle vida a este complexo tan necesario para Arzúa e a súa comarca?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2018 18:57:28

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2018 18:57:33

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 18:57:35



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39909
Data envío: 07/11/2018 18:59:22.013

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2018 18:57:36

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2018 18:57:38

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2018 18:57:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39913
Data envío: 07/11/2018 19:05:54.910

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Nos últimos anos as galegas e galegos puideron constatar un recrudescemento en materia de abusos bancarios. Desde condicións restritivas no acceso ao crédito, nas cláusulas dos servizos a contratar até cuestións como un aumento das taxas en cuestións que até hai pouco tempo non eran gravadas.

Paralelamente, foise coñecendo un número importante de casos de abusos bancarios de diferente índole que tiveron a súa translación a un número en aumento de sentenzas arredor deles. Como exemplo temos o das cláusulas chan ou as preferentes, froitos de longas loitas sociais.

A secuencia de todos estes acontecementos xeraron unha inseguridade e preocupación por parte das persoas usuarias de cara ás accións levadas a cabo polas entidades bancarias, mais tamén un aumento das demandas contra ditos abusos e o coñecemento individual e social de máis comportamentos cuestionábeis.

Así as cousas, ao tempo que a actividade por parte das entidades financeiras segue a estar rodeada de prácticas pouco transparentes e garantistas para cos dereitos das persoas usuarias e co bo devir da economía en xeral, fíxose pública de forma



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39913
Data envío: 07/11/2018 19:05:54.910

polémica a sentenza respecto dos impostos ás hipotecas, que se estiman nunha recadación de até 5.000 millóns de euros.

O pasado día 6 de novembro coñeceuse como o Tribunal Supremo, cunha axustadísima votación, anulaba de facto a doutrina que tiñan abalado até tres sentenzas ao ditaminar previamente que era a banca e non a clientela quen debían pagar o imposto das hipotecas. Un ditame que chegaba nun contexto de fortes presións dos sectores económicos e financeiros

Ao fío desta cuestión, cómpre denunciar que sen un sistema xudicial independente non pode haber unha democracia digna de tal nome e que se observa unha vez máis como as deficiencias na calidade democrática do Estado español están directamente relacionada cun sistema xudicial intrinsecamente centralista, clasista e machista; e coa súa subordinación aos poderes político e económico. Unha situación cuxas consecuencias repercuten tamén nos galegos e galegas e diante da que cómpre actuar.

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é a valoración do goberno galego diante do novo atraco a man armada que supón a sentenza respecto dos impostos ás hipotecas?

-Ten pensado demandar do goberno central algunha modificación legal? En que sentido? Por que motivos?

-Ten pensado desenvolver estudos propios sobre a cuestión?

-Cal sería o impacto económico en Galiza



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten previsto o goberno galego dotar de maior medios ao Instituto Galego de Consumo e da Competencia para as consultas sobre este asunto?

-Ten previsto o goberno galego dotar de maiores medios ao Instituto Galego de Consumo e da Competencia para que poda realizar a labor de asesoramento ás persoas consumidoras sobre os produtos financeiros?

-Ten desenvolto ou previsto o goberno galego algún tipo de iniciativa efectiva en materia de consumo fronte as agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39913
Data envío: 07/11/2018 19:05:54.910

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2018 19:04:12

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2018 19:04:16

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 19:04:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2018 19:04:23

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2018 19:04:24

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2018 19:04:25

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país. A pasividade do Goberno da Xunta de Galicia, a súa falla de prevención e a ausencia de aplicación da alta tecnoloxía á detección de lumes lévannos ano a ano a resultados como os do pasado mes de outubro e ata á vaga de lumes de 2017. En Salvaterra de Miño, en decembro do ano pasado, como consecuencia dos lumes e logo das chuvias abundantes, produciuse un derrube no viario que conduce ao barrio da Igrexa, na parroquia de Vilacoba, quedando numerosas veciñas e veciños afectados pola rotura da pista municipal de acceso polos arrastres de terras.

Ningunha administración se preocupou por eles ata que o Grupo Municipal Socialista solicitaba, nunha petición de convocatoria de Pleno extraordinario rexistrada o día 2 de agosto, a reparación urxente da pista. Curiosamente, só cinco días despois o alcalde de Salvaterra de Miño facía referencia a un informe municipal (de data xuño) que recolle a necesidade inmediata e urxente da realización das obras e solicitaba á Consellería de Medio Rural a reconstrución da pista e a inclusión das obras no Plan de infraestruturas rurais 2018. Acto seguido, outros cinco días despois firmaba coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da consellería un convenio de colaboración a tal fin, por un importe de 48.387,36 euros, colocación de cartel de obras incluído.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Dende cando ten coñecemento oficial o Goberno da Xunta de Galicia dos problemas derivados do derrube no viario que conduce ao barrio da Igrexa, na parroquia de Vilacoba, en Salvaterra de Miño?
2. Que data de inicio ten o expediente nº X-13906 (da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia) relativo á reconstrución da pista municipal?

3. Entende o Goberno que é suficiente a cantidade de 48.387,36 euros conveniada entre a Alcaldía de Salvaterra de Miño e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/11/2018 10:35:29

Raúl Fernández Fernández na data 08/11/2018 10:35:35

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/11/2018 10:35:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 10:35:45

María Luisa Pierres López na data 08/11/2018 10:35:51

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

Na finca de Lourizán, en Pontevedra hai dúas belezas espectaculares: un bosque de valor botánico incalculable e un edificio de aire romántico do século XIX. Construído polo arquitecto Genaro de la Fuente Domínguez, del destaca a súa fachada cunha grande escalinata de corte imperial con balaustrada e estatuas. Esta fermosísima construción (integrada no Patrimonio Cultural de Galicia) fora residencia de verán do entón Presidente do Goberno Eugenio Montero Ríos e nel firmáronse importantes decisións políticas para o país, pois o pazo era centro de reunión de políticos, xornalistas, intelectuais e artistas.

Sobre o conxunto da finca e as obras de conservación da zona nobre hai dous convenios entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, un asinado o 22 de xaneiro de 1991 e outro o 21 de xaneiro de 2000 e en virtude de ambos, a Deputación Provincial cedeu por 30 anos á Xunta de Galicia o uso da finca e das edificacións. Non obstante, só fai falla dar unha volta pola finca para darse de conta de que a Xunta de Galicia non ten desenvolvido nin unha soa obra, pois o estado de conservación do pazo é lamentable e a seguridade inexistente. Esta última fin de semana, houbo multitude de desfeitas na finca e no edificio e un roubo nas oficinas da Xunta de Galicia que están na mesma finca, feitos que xa están en coñecemento da Policía Nacional.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno galego dos actos de vandalismo ocorridos no Pazo de Lourizán a pasada fin de semana?
2. Considera o Goberno que eses actos de vandalismo teñen e ver co lamentable estado de conservación do pazo e coa inexistente seguridade?

3. Cando vai cumprir a Galicia as obrigas ás que se comprometeu no convenio firmado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e logo ratificado no ano 2000?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/11/2018 10:51:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2018 10:51:29

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 10:51:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 10:51:43

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Hai uns días, o presidente da Xunta de Galicia falaba nun acto público da necesidade de repensar o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza, o que chama poderosamente a atención cando se trata dunha competencia transferida xa dende os anos 80, cando o Goberno galego amosa a súa falla de vontade política para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que lle corresponden a Galicia (non hai nada feito en case 10 anos no desenvolvemento do Dereito Civil Especial, na promoción do galego na xustiza ou nas medidas alternativas ao cumprimento das penas de prisión) e cando se ten aprobado a oposición a calquera proceso de recentralización e a potenciación da ampliación do autogoberno no último debate sobre o Estado da Autonomía. Os motivos que explicaba Feijóo son que as competencias da Administración de xustiza son híbridas, a carencia de persoal ou a alta taxa de litixiosidade. No mesmo acto falaba Feijóo dos avances que teñen suposto o plan de modernización tecnolóxica da Xunta de Galicia ou o de infraestruturas xudiciais.

Todas estas afirmacións reflexan un absoluto descoñecemento con relación ás competencias da Xunta de Galicia por parte do seu presidente.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É compatible para o Goberno galego o anuncio do presidente da Xunta de Galicia da necesidade de repensar o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza, cando se ten aprobado a oposición a calquera proceso de recentralización e a potenciación da ampliación do autogoberno no último debate sobre o Estado da Autonomía?
2. É esta a causa pola que o Goberno non exerce as competencias constitucionais e estatutarias que lle corresponden a Galicia en materia de xustiza?
3. Cando descubriu o presidente da Xunta de Galicia que as competencias da Administración de xustiza son híbridas?

4. Entende o Goberno que en xustiza hai carencia de persoal? Que ten feito o Goberno para mudalo?
5. Entende o Goberno que en Galicia hai alta taxa de litixiosidade? Que ten feito o Goberno para mudalo?
6. Ten coñecemento o Goberno dos problemas que xera a diario a modernización tecnolóxica en xustiza?
7. Cantas infraestruturas xudiciais novas ten feito o Goberno dende que Alberto Núñez Feijóo é o seu presidente?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/11/2018 10:58:48

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/11/2018 10:58:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2018 10:59:01



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:27
Nº Rexistro: 39936
Data envío: 08/11/2018 12:27:54.945

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o retroceso en materia de normalización lingüística após o proceso de recentralización administrativa impulsado polo Goberno español.

En xuntanza co Grupo parlamentar do BNG desde a Coordinadora de Traballadoras/es de Normalización da Lingua (CTNL) trasladóusenos a grande preocupación desta entidade polos retrocesos que está a implicar, en materia de normalización lingüística, o proceso de recentralización política.

Isto é, a obriga fixada polo Goberno español de centralizaciarse a través das súas aplicacións a publicación de convocatorias ou outras notificacións emanadas das administracións locais e da propia Xunta.

A Base de datos nacional de subvencións (BDNS), o Taboleiro edictal único (TEU) ou o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) obrigan a redixir os documentos en español o que está a provocar graves consecuencias no uso do galego polas administracións públicas mesmo en espazos en que tiñamos avanzado no seu uso normalizado.

Estas consecuencias baten, de facto, contra os dereitos lingüísticos da cidadanía galega, prexudican o status da nosa lingua ao pasar a ser considerada como unha lingua secundaria e opcional neste tipo de procedementos; así como unha maior carga de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:27
Nº Rexistro: 39936
Data envío: 08/11/2018 12:27:54.945

traballo que traslada entre o persoal da función pública unha idea de *castigo* por termos unha lingua propia e oficial ao duplicar tarefas.

Como consecuencia, nos Boletíns oficiais provinciais e están a publicarse convocatorias e resolucións en castelán.

Cómpre lembrar que a lexislación vixente na Galiza, a comezar polo propio Estatuto de 1981 atribúelles competencias en materia de normalización lingüística a todas as administracións, tamén á local, como ten indicado a propia Xunta de Galiza no informe presentado a petición da CTNL en maio de 2018. Porén, é o Goberno galego a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística quen ten maior responsabilidade e debe velar polo respecto e garantía do exercicio dos dereitos lingüísticos en todos os ámbitos.

Por todo isto, formulamos as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza as implicacións que carrega para a normalización de usos do galego na administración pública o proceso de recentralización administrativa impulsado polo Goberno español nos últimos anos?
- Ten avaliado as consecuencias?
- De ser así, cal foi o resultado?
- Que medidas ten adoptado a Xunta de Galiza ao respecto para garantir os dereitos lingüísticos do pobo galego e a normalización da lingua propia do noso país?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten contactado a Xunta cos gobernos vasco e catalán para adoptar medidas conxuntamente toda vez que Euskadi e Catalunya tamén sofren as consecuencias desta recentralización?

- De non ser así, pensa facelo?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 12:27:13

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 12:27:17

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 12:27:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:27
Nº Rexistro: 39936
Data envío: 08/11/2018 12:27:54.945

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 12:27:20

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 12:27:22

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 12:27:23

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado mes de outubro, o alcalde de Pontevedra e o presidente da Xunta de Galicia tiñan unha xuntanza en Santiago de Compostela. Dende o Concello dixeran que levaran preparada unha listaxe de 16 asuntos a tratar para que a xuntanza, dixeran, fose o máis operativa posible. Entre eses asuntos, a Residencia da Terceira Idade, a variante de Alba, a estación intermodal, o Hospital Gran Montecelo, o transporte metropolitano e urbana, a EDAR de Os Praceres, o pavillón de A Parda, a reforma do edificio de Benito Corbal, o novo edificio xudicial, a reforma da ponte de A Barca ou a dragaxe da ría. É dicir, reclamacións que a cidade necesita dende hai décadas e polas que ningunha das administracións se ten preocupado.

O Goberno galego non se ten preocupado pola Política Social da cidade: nin do Punto de Encontro Familiar, nin da sala do Xulgado para que as vítimas de violencia machista estean nas mínimas condicións de intimidade e benestar, nin das mellores condicións na “Residencia de Maiores de Campolongo” ou no centro de menores “Avelino Montero”, nin das equipas definitivas de Valoración da Discapacidade, nin de nada máis que un proxecto *power point* dun Gran Montecelo virtual, nin da reforma do Hospital Provincial. E que dicir das infraestruturas? Xa non é crible que nos prometan unha estación intermodal entre as estacións de trens e autobuses para a cidade cando só hai un debuxo. E Pontevedra fóra do transporte metropolitano. E Pontevedra sen proxecto para a rexeneración da ría e a dragaxe do seu fondo cando así é imprescindible medioambiental, marisqueira, pesqueira e deportivamente. E Pontevedra cun edificio xudicial que agarda a súa ampliación dende hai case unha década. E Pontevedra cun Pazo de Lourizán que se desfai pouco a pouco mentres o Goberno mira cara a outro lado.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que significa a manifestación de acordo entre o Goberno da Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra sobre asuntos relativos á cidade de Pontevedra?
2. Cando vai rematar o Goberno a variante de Alba, a estación intermodal e o pavillón de A Parda (este último non presupostado)?
3. Para cando o transporte metropolitano e urbano?
4. Onde prevé o Goberno situar a nova residencia de maiores?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/11/2018 13:40:53

María Luisa Pierres López na data 08/11/2018 13:41:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2018 13:41:17

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/11/2018 13:41:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 13:41:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 13:44
Nº Rexistro: 39949
Data envío: 08/11/2018 13:44:52.298

Julio Torrado Quintela na data 08/11/2018 13:41:34

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O CEIP de Coirón-Dena (Meaño-Pontevedra) ten case 300 alumnos e alumnas. É unha construción do ano 1969 mais, dende entón, as únicas obras realizadas para o seu mantemento foron algunhas na planta baixa, o cambio de cuberta (feito hai máis de 20 anos) e o cambio do tellado debido a un temporal fai un ano.

Existiu unha intervención relevante na perímetro do centro, que consistiu na ampliación de un aparcadoiro para os profesores, traballadores, pais e nais na entrada do mesmo. Para poder ampliálo, realizouse unha desafección de varias casas utilizadas fai anos polos mestres, derribando un número considerable delas.

Como se comentou anteriormente, o alumnado do colexio CEIP Coirón-Dena alcanza case 300 nenos e nenas, non tendo ningunha instalación adecuada para poder reunir a todos nun mesmo salón de actos, de feito, a pequena sala que usan a modo de salón de actos, ten un aforo aproximado de 80 persoas, aglutinando ao alumnado para que poidan asistir aos actos que programe a Dirección do centro.

E é por este motivo, que a ANPA “Sementeira” leva anos solicitando unhas instalacións adecuadas ao número de alumnos e alumnas que estudian no CEIP Coirón-Dena, propoñendo a desafección das casas dos mestres que aínda quedan (totalmente abandonadas) para ampliar o centro, incluso coa posibilidade de construír un edificio de usos múltiples no que o alumnado poida realizar as actividades e actos que non pode no salón de actos actual.

Ademais, esta ampliación ou novo edificio de usos múltiples podería solucionar o problema que ten o colexio co comedor escolar, xa que os nenos e nenas usuarios de este servizo teñen que comer nun barracón de obra, que dista moito de ser un o lugar máis adecuado elo. Así o ten manifestado a ANPA “Sementeira” en varias ocasións, tanto ao xefe territorial de Educación en Pontevedra (por exemplo, mediante escrito de data 22 de marzo de 2013) como á propia consellería de maneira directa e á alcaldesa de Meaño Lourdes Ucha. Non obtiveron ningunha resposta ao respecto en ningunha das instancias.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia coordinarse co Concello de Meaño para iniciar a desafección das antigas casas dos mestres e aproveitar o espazo para ampliar o CEIP Coirón – Dena?
2. Considera a Xunta de Galicia que as condicións do CEIP Coirón-Dena son actualmente satisfactorias en termos de espazo e condicións para as actividades que se desenvolven?
3. Por que a Xunta de Galicia non deu resposta ás demandas e valoracións que fixo a ANPA do CEIP Coirón-Dena?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/11/2018 16:36:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 16:36:21

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 16:36:26

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Son varias as enfermidades relacionadas co xene KCNQ2: desde a epilepsia neonata familiar benigna á máis grave que é a encefalopatía epiléptica relacionada co xene. Os síntomas tamén varían, retraso no desenvolvemento, pouco ton muscular no centro do corpo, movementos involuntarios nos brazos e nas pernas, incapacidade para falar, dificultades para sentarse de forma independente, pouco contacto visual ...

Unha nena de Laxe que sofre esta alteración na súa forma máis grave, vai en 4º curso de Ensinanza Primaria. Vive coa súa nai e o seu irmán menor de idade. Ata o curso pasado utilizaba un servizo de transporte adaptado, pero o 5 de setembro, a piques de comezar o curso escolar, a súa familia foi informada da supresión do servizo de transporte adaptado para ela. O motivo era que na licitación do servizo, segundo a normativa vixente en materia de contratación, queda baleiro o lote correspondente por falta de interese por parte das empresas de transporte en realizar o servizo para trasladala. Dende a o Servizo de Recursos Educativos Complementarios, ofreceuse un importe de licitación de 51 € por día, seguindo indicacións da Consellería de Educación. O problema é que en Laxe tampouco existe posibilidade de taxi adaptado no concello. Así que a única opción que lle queda é que a súa familia se faga cargo do transporte.

Isto supón un grave problema para a nai, que lle dificulta enormemente a conciliación familiar e laboral. Para ela é fundamental que se restableza o servizo de transporte de xeito urxente e inmediato tendo en conta as necesidades educativas específicas, así como os horarios de entrada e saída ao centro.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de xestión que permita restablecer o servizo de transporte adaptado á persoa dependente de Laxe tendo en conta as necesidades educativas específicas, así como os horarios de entrada e saída ao centro?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/11/2018 13:12:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 13:12:59

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 13:13:07

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No DOG do 17 de xaneiro de 2018 publicouse a Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 27 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e procédese á súa convocatoria para o ano 2018, que na propia exposición de motivos se establece que: *“O emprendemento de novas actividades de carácter industrial é fundamental para o desenvolvemento e a consolidación do tecido empresarial galego. Non obstante, os novos emprendedores encóntranse con moitas dificultades ao inicio da súa actividade que fan fracasar o proxecto en moitas ocasións.*

Os viveiros industriais de empresas, entendidos como espazos físicos para o nacemento de novas empresas de carácter industrial, nos cales se ofrecen as condicións e os servizos precisos para a implantación inicial e a consolidación das empresas por un tempo limitado, son un apoio moi importante para os novos empresarios nas súas primeiras etapas de actividade e contribúen ao éxito final do proxecto.

Dentro das competencias en materia de fomento empresarial que son propias da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria considera necesario establecer medidas de apoio á actividade económica a través de proxectos que fomenten a creación de novas empresas de carácter industrial.

Como medio e instrumento para favorecer as actuacións indicadas, a Consellería de Economía, Emprego e Industria considera necesario establecer un programa de axudas encamiñadas á creación de viveiros industriais de empresas nos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e proceder á convocatoria destas axudas para o ano 2018.

De acordo co establecido no protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a

implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Business Galicia, asinado con data do 10 de outubro de 2017, a presente orde de axudas prima cunha maior puntuación as solicitudes presentadas por concellos acollidos á dita iniciativa”.

Os destinatarios destas axudas son os concellos da comunidade autónoma galega, co obxecto de crear viveiros industriais de empresas en parques empresariais de Galicia, para o cal se dota cun crédito orzamentario inicial de 589.862 €, ampliado en 111.178,00 euros, pola Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 21 de xuño de 2018, chegando á cantidade final de 701.040,00 euros.

Establecendo no artigo 6 a documentación que deben presentar os concellos xunto coa solicitude:

- a) Documento actualizado acreditativo da capacidade con que actúa o representante do concello solicitante.
- b) Documento acreditativo da titularidade do concello sobre as naves xa existentes que van conformar o viveiro industrial de empresas.
- c) Acordo do pleno do concello, ou do órgano municipal que teña a atribución competencial, onde se exprese a intención de acometer a actuación obxecto da solicitude de axuda.
- d) Memoria técnica xustificativa asinada da actuación que se vai desenvolver xunto coa memoria anterior, no caso de execución de obras ou instalacións que requiran legalmente proxecto para súa execución ou licenza, deberase presentar este ou un anteproxecto asinado por un técnico competente.
- e) Orzamento desagregado e asinado dos gastos.
- f) Planos asinados da actuación a escala axeitada, incluíndo un plano onde se representen os límites do parque empresarial e o conxunto das actuacións.
- g) Programa de acollemento de empresas.
- h) Declaración expresa do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, destinadas ao financiamento do mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía.

- i) Declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- j) Documento acreditativo da remisión das contas ao Consello de Contas.
- k) Acreditación da Fegamp de que o concello se atopa acollido á iniciativa *Doing Business Galicia* desde unha data anterior á data da solicitude.

No Diario Oficial de Galicia do 24 de xullo de 2018 publicouse a Resolución do 5 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da dita orde, resultando beneficiados tres concellos:

Concello de Mos	240.000 €
Concello de Paradela	240.000 €
Concello de San Cristovo de Cea	221.040 €

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cales foron os concellos que solicitaron as subvencións para a creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais, sobre a base da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 27 de decembro de 2017?
- 2ª) Cantos dos concellos solicitantes acreditaron estar acollidos á iniciativa *Doing Business Galicia*?
- 3ª) Cales foron as causas do rexeitamento dos concellos que non foron beneficiados?
- 4ª) Cantos parques empresariais hai en Galicia susceptibles de recibir fondos a través desta subvención?
- 5ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o resultado acadado?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2018 16:43:51

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 16:45
Nº Rexistro: 39970
Data envío: 08/11/2018 16:45:09.436

María Luisa Pierres López na data 08/11/2018 16:43:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 16:44:01

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado xoves 25 de outubro, coñeciamos a través de diferentes medios de comunicación, unha trala sentenza condenatoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deixaba en evidencia o procedemento totalmente irregular levado a cabo pola Consellería de Educación para favorecer a incorporación dunha docente, emparentada coa Secretaria Xeral de Igualdade, coa creación dunha praza á súa medida, na Escuela de Restauración de Bens Culturais de Galicia, e no que se cualifica, na propia sentenza, como de “torcida actuación” por parte do Goberno autonómico.

O certo é que o executivo galego leva tempo defendendo con insistencia a postura da consellería por “integrar” a esta persoa na Función Pública de Galicia creando unha praza de conservación e restauración de documento gráfico, unha especialidade que non se imparte nesta comunidade e que non era necesaria na Escola de Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Unha actuación que foi denunciada polos sindicatos ante a propia Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como ante a Valedora do Pobo, non obtendo resposta por parte de ningunha das dúas institucións.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Socialista realizou unha pregunta urxente á conselleira deste eido na sesión plenaria do Parlamento de Galicia que tivo lugar o pasado mércores 7 de novembro.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai da cobertura que se realizou por parte da radio e da televisión públicas galegas desta sentenza sobre o procedemento totalmente irregular levado a cabo pola Consellería de Educación para favorecer a incorporación dunha docente, emparentada coa Secretaria Xeral de Igualdade na Escola de Restauración de Bens Culturais de Galicia?

2. Canto tempo se dedicou a esta nova durante os informativos o día que coñecemos a nova, e/ou os posteriores?
3. Considera que a cobertura estivo á altura dun medio público como a RTVG?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/11/2018 17:01:13

María Luisa Pierres López na data 08/11/2018 17:01:19

María Dolores Toja Suárez na data 08/11/2018 17:01:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 17:01:31

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 17:01:36

Julio Torrado Quintela na data 08/11/2018 17:01:41

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 28 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro.

Manipulación que ante a proximidade das eleccións municipais se vén acrecentando nestes últimos meses coa supresión das desconexión locais da Radio Galega, unha medida estritamente política que obedece ao interese do PP de controlar a información local de cara a estes comicios.

Recentemente ademais coñeciamos o anuncio de que a asemblea de traballadores e traballadoras convocada polo Comité Intercentros da CRTVG acordou de xeito maioritario poñer en marcha un calendario de mobilizacións contra o desmantelamento deste servizo público, que comezarán o vindeiro día 20 de novembro con paros parciais de dúas horas por quenda e que se manterán en días alternos ata o 2 de decembro.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece os motivos que levan aos traballadores e traballadoras a teren intensificado nos últimos meses as súas protestas contra o xeito de proceder da actual dirección da CRTVG?
2. En caso afirmativo, considera que teñen motivos para elo?

3. Por que considera que se incrementaron tanto as mobilizacións dos traballadores e traballadoras da CRTVG nestes últimos meses?
4. Cre que a actitude da Dirección ten algo que ver con esta situación?
5. Considera que dende a Dirección da CRTVG se está fomentando o diálogo cos traballadores e traballadoras, así como cos seus representantes sindicais?
6. Que ten previsto facer para reducir o clima de tensión e enfrontamento que se está a vivir na CRTVG?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/11/2018 17:02:37

Julio Torrado Quintela na data 08/11/2018 17:02:42

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A empresa Noa Madeira Creativa S.L., que ten a súa sede no polígono de Vilar do Colo, en Fene (A Coruña), dedícase á fabricación de mobiliario para tendas.

Ata o pasado mes de agosto pertencía ao Grupo Amil, pero na actualidade o novo xestor, é o grupo Malasa, que o pasado mes de outubro anunciou un expediente de regulación de emprego (ERE) extintivo que de materializarse, implicará o adelgazamento do seu persoal nun 40 %, xa que o seu censo actual está formado o redor de 200 operarios.

O día 31 de outubro o Pleno do Concello de Fene, aprobou por unanimidade unha moción, na que se mostraba o seu apoio e solidariedade cos traballadores da empresa Noa Madeira Creativa S.L..

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia da situación de Noa Madera Creativa S.L., en caso afirmativo, que valoración fai?

2ª) Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia ante a situación na que se atopa a empresa Noa Madera Creativa S.L.?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 17:34
Nº Rexistro: 39991
Data envío: 08/11/2018 17:34:46.030

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/11/2018 16:55:56

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2018 16:56:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:27
Nº Rexistro: 39993
Data envío: 08/11/2018 18:27:24.098

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a situación laboral no Hospital do Salnés.

O persoal de enfermería do Hospital do Salnés ven de denunciar unha situación de sobrecarga asistencial brutal nas dúas plantas de hospitalización que permanecen abertas, primeira e segunda, toda vez que a terceira plante permanece pechada.

Denuncian que na vez de ter operativa a terceira planta, estase procedendo a distribuír @s doentes polas outras dúas plantas, ou mantel@s en urxencias.

Encóntranse deste xeito plantas con pluripatoloxías, con ingresos, cirurxías, pediatría, xinecoloxía... Unha carga de traballo brutal sen reforzos, que ten unha repercusión negativa na calidade asistencial que se presta. Unha mostra e consecuencia desta sobrecarga é que o centro hospitalario perdeu a acreditación concedida por Unicef de “Hospital amigo dos nen@s”.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Até onde está disposto a chegar o Goberno galego na presión e maltrato ao persoal do Sergas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:27
Nº Rexistro: 39993
Data envío: 08/11/2018 18:27:24.098

-Considera que é admisíbel manter fechada a terceira planta do hospital mentres se manteñen as outras dúas plantas e urxencias saturadas continuamente?

-Coida que se pode prestar unha calidade asistencial axeitada cunhas ratios de persoal tan escasas e co nivel de presión que se describe?

-Vai seguir nesta liña de deterioro que leva a que o hospital do Salnés perda calidade continuamente e recoñecementos como o de “Hospital amigo d@s nen@s”?

-Vai rectificar na súa política de persoal e proceder a reforzar o cadro de persoal para rematar con esta situación?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:27
Nº Rexistro: 39993
Data envío: 08/11/2018 18:27:24.098

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 18:22:44

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 18:22:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 18:22:50

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 18:22:51

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 18:22:52

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 18:22:54

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Galicia necesita xa un cambio na xestión de residuos e este cambio debería basearse nos seguintes principios básicos:

1. Cómpre unha xestión máis próxima ao lugar da súa xeración.
2. Cómpre crear plantas de reciclaxe, separación e valorización do residuo anexas.
3. Cómpre que só o rexeito sexa tratado en Sogama e así reduciranse os custos do tratamento e, polo tanto, tamén o canon.
4. E cómpre un conxunto de solucións ambientais en varias fases.

Hai xa varios anos (máis de catro) que o Goberno galego anunciaba en terreos de Sogama unha planta de compostaxe con capacidade para 15.000 toneladas. Nunca se dixo a que territorio vai dar servizo; se vai supoñer mudar o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG); vai supoñer o cambio de todo o sistema de recollida en orixe, contedores incluídos; que sistema de compostaxe se vai utilizar ou onde se vai facer o depósito do lixo para compostar. Tampouco se sabe se o Goberno ten agora a idea de ir facendo que sexan realidade as 8 plantas de compostaxe das que fala o PXRUG.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Esta nova planta de compostaxe vai dar servizo a toda ou a parte da provincia de A Coruña? A que concellos?
2. Que sistema ha de acoller, a implantación do sistema de húmido-seco ou de recollida en 5 fraccións?
3. Como se vai facer fronte ao cambio absoluto de modelo de contedorización e que custo vai supoñer este?
4. Onde se vai facer o depósito do lixo para compostar?

5. Ten o Goberno da Xunta de Galicia a intención de ir facendo realidade as 8 plantas de compostaxe das que fala o PXRUG? Para cando?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Luís Manuel Álvarez Martínez

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/11/2018 17:46:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/11/2018 17:47:05

María Luisa Pierres López na data 07/11/2018 17:47:09



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28842**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal, así como a realización dalgunha solicitude ao Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Corpo Nacional de Policía, dependente do Ministerio de Interior, designa os medios materiais e humanos dispoñibles para a expedición de documentos de DNI e pasaporte. Para este fin, dispoñen de equipos móbiles para tramitar o DNI que se desprazan periodicamente polos concellos para atender as necesidades da cidadanía, evitando que teña que achegarse á comisaría para obter ou renovar esta documentación.

A creación de novas Unidades de Documentación e Estranxeiría, dependente do Ministerio de Interior, está relacionada co número dos efectivos de recursos humanos nos corpos de seguridade, que son encargados de expedir a documentación para españois e estranxeiros.

Á vista das ofertas de emprego público aprobadas polo Goberno de España nos anos 2016, 2017 e 2018, nas que se prevé a entrada de máis de 9.000 novos axentes no Corpo Nacional de Policía, o Goberno galego agarda que o actual Goberno de España destine unha parte

destes efectivos ás Unidades de Documentación e Estranxeiría, de xeito que supoñan unha mellora substancial no servizo que prestan os equipos móbiles para a expedición de DNI en núcleos rurais como o da comarca de Valdeorras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39952
Data envío: 08/11/2018 14:36:49.072

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/11/2018 14:36:46



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26968**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o contido concreto previsto polo Goberno galego para o Plan de emerxencias”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego véñense impulsando actuacións que redunden nunha mellora do sistema de coordinación das emerxencias. Con este obxectivo, constituíuse un grupo de traballo no seo da Comisión Galega de Protección Civil. O obxectivo deste grupo é concretar e definir o modelo de atención, o mapa dos servizos, e os protocolos de actuación e coordinación nas mobilizacións e intervencións.

Deste xeito, búscase concretar un mapa no que se determinen os servizos de atención ás emerxencias de Galicia, da forma o máis racional e operativa posible, onde o criterio preferente de mobilización sexa o medio máis próximo, atendendo ás isócronas e ás tipoloxías dos riscos, sen ter en conta a dependencia administrativa.

O grupo de traballo xa estudou as fórmulas máis acaídas para mellorar estes tempos de resposta e chegou á conclusión de 2 vías posibles: a comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades, na que xa se está traballando, e a reordenación dos servizos de atención actuais ou, de ser o caso, a creación doutros novos en función das posibles necesidades, tamaño e tipoloxía da poboación e territorio.

Para desenvolver un estudo máis localizado, este Grupo de Traballo acordou que esta análise debería facerse -segundo os criterios comúns- a nivel provincial, coa finalidade de acadar unha maior concreción en cada un dos territorios.

No que se refire á coordinación entre os distintos corpos e forzas que interveñen nas emerxencias -con independencia de que se poida efectuar un axuste máis detallado nalgunha cuestión-, esta xa está actualmente recollida e prevista nos plans que se activan nos casos de emerxencias graves, que se reforzan en moitas ocasións coa celebración de simulacros previos. En canto ás emerxencias ordinarias, a coordinación in situ corresponde ao máximo responsable do corpo de seguridade ou emerxencia que estea actuando segundo a tipoloxía da incidencia. En todos os casos, a mobilización de medios efectúase a través do CIAE-112 que, por certo, tamén verá incrementada a súa eficacia na coordinación cando se produza a integración operativa en sala de todos os corpos e colectivos previstos.

Estas son algunhas das actuacións que está impulsando a Xunta, competente na superior coordinación das emerxencias. En todo caso, cómpre recordar que, segundo a Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, as deputacións provinciais son as competentes en materia de emerxencias nos concellos de menos de 20.000 habitantes. No caso dos grandes concellos, é unha obriga municipal crear un servizo de protección civil e xestión de emerxencias, así como de prevención, extinción de incendios e salvamento. Polo tanto, todas as cuestións referidas á revisión do modelo das emerxencias son de carácter complexo, precisan da participación das diferentes administracións, e non poden abordarse de xeito unilateral.

Do mesmo xeito, o Goberno galego non ten competencia para homologar os salarios dos efectivos das deputacións provinciais ou concellos. En cambio, como parte dos Consorcios de bombeiros xunto coas deputacións, sí pode chegar a acordos nos plenos en relación aos parques deles dependentes .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39955
Data envío: 08/11/2018 14:37:24.228

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/11/2018 14:37:21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39953
Data envío: 08/11/2018 14:37:09.338

Data 08/11/2018 14:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28840**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Corpo Nacional de Policía, dependente do Ministerio de Interior, designa os medios materiais e humanos dispoñibles para a expedición de documentos de DNI e pasaporte. Para este fin, dispoñen de equipos móbiles para tramitar o DNI que se desprazan periodicamente polos concellos para atender as necesidades da cidadanía, evitando que teña que achegarse á comisaría para obter ou renovar esta documentación.

A creación de novas Unidades de Documentación e Estranxeiría, dependente do Ministerio de Interior, está relacionada co número dos efectivos de recursos humanos nos corpos de seguridade, que son encargados de expedir a documentación para españois e estranxeiros.

Á vista das ofertas de emprego público aprobadas polo Goberno de España nos anos 2016, 2017 e 2018, nas que se prevé a entrada de máis de 9.000 novos axentes no Corpo Nacional de Policía, o Goberno galego agarda que o actual Goberno de España destine unha parte destes efectivos ás Unidades de Documentación e Estranxeiría, de xeito que

supoñan unha mellora substancial no servizo que prestan os equipos móbiles para a expedición de DNI en núcleos rurais como o da comarca de Valdeorras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39953
Data envío: 08/11/2018 14:37:09.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/11/2018 14:37:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26969**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o contido concreto previsto polo Goberno galego para o Plan de emerxencias, os informes que está a manexar para a ese fin e a súa opinión respecto da implantación dun mapa provincial de emerxencias baseado nas isócronas”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego véñense impulsando actuacións que redunden nunha mellora do sistema de coordinación das emerxencias. Con este obxectivo, constituíuse un grupo de traballo no seo da Comisión Galega de Protección Civil. O obxectivo deste grupo é concretar e definir o modelo de atención, o mapa dos servizos, e os protocolos de actuación e coordinación nas mobilizacións e intervencións.

Deste xeito, búscase concretar un mapa no que se determinen os servizos de atención ás emerxencias de Galicia, da forma o máis racional e operativa posible, onde o criterio preferente de mobilización sexa o medio máis próximo, atendendo ás isócronas e ás tipoloxías dos riscos, sen ter en conta a dependencia administrativa.

O grupo de traballo xa estudou as fórmulas máis acidas para mellorar estes tempos de resposta e chegou á conclusión de 2 vías posibles: a comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades, na que xa se está traballando, e a reordenación dos servizos de atención actuais ou, de ser o caso, a creación doutros novos en función das posibles necesidades, tamaño e tipoloxía da poboación e territorio.

Para desenvolver un estudo máis localizado, este Grupo de Traballo acordou que esta análise debería facerse -segundo os criterios comúns- a nivel provincial, coa finalidade de acadar unha maior concreción en cada un dos territorios.

No que se refire á coordinación entre os distintos corpos e forzas que interveñen nas emerxencias -con independencia de que se poida efectuar un axuste máis detallado nalgunha cuestión-, esta xa está actualmente recollida e prevista nos plans que se activan nos casos de emerxencias graves, que se reforzan en moitas ocasións coa celebración de simulacros previos. En canto ás emerxencias ordinarias, a coordinación in situ corresponde ao máximo responsable do corpo de seguridade ou emerxencia que estea actuando segundo a tipoloxía da incidencia. En todos os casos, a mobilización de medios efectúase a través do CIAE-112 que, por certo, tamén verá incrementada a súa eficacia na coordinación cando se produza a integración operativa en sala de todos os corpos e colectivos previstos.

Estas son algunhas das actuacións que está impulsando a Xunta, competente na superior coordinación das emerxencias. En todo caso, cómpre recordar que, segundo a Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, as deputacións provinciais son as competentes en materia de emerxencias nos concellos de menos de 20.000 habitantes. No caso dos grandes concellos, é unha obriga municipal crear un servizo de protección civil e xestión de emerxencias, así como de prevención, extinción de incendios e salvamento. Polo tanto, todas as cuestións referidas á revisión do modelo das emerxencias son de carácter complexo, precisan da participación das diferentes administracións, e non poden abordarse de xeito unilateral.

Do mesmo xeito, o Goberno galego non ten competencia para homologar os salarios dos efectivos das deputacións provinciais ou concellos. En cambio, como parte dos Consorcios de bombeiros xunto coas deputacións, sí pode chegar a acordos nos plenos en relación aos parques deles dependentes .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39954
Data envío: 08/11/2018 14:37:17.056

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/11/2018 14:37:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39956
Data envío: 08/11/2018 14:38:23.339

Data 08/11/2018 14:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28841**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa carencia de recursos na comarca de Valdeorras para a obtención da documentación de carácter persoal, así como a realización dalgunha solicitude ao Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Corpo Nacional de Policía, dependente do Ministerio de Interior, designa os medios materiais e humanos dispoñibles para a expedición de documentos de DNI e pasaporte. Para este fin, dispoñen de equipos móbiles para tramitar o DNI que se desprazan periodicamente polos concellos para atender as necesidades da cidadanía, evitando que teña que achegarse á comisaría para obter ou renovar esta documentación.

A creación de novas Unidades de Documentación e Estranxeiría, dependente do Ministerio de Interior, está relacionada co número dos efectivos de recursos humanos nos corpos de seguridade, que son encargados de expedir a documentación para españois e estranxeiros.

Á vista das ofertas de emprego público aprobadas polo Goberno de España nos anos 2016, 2017 e 2018, nas que se prevé a entrada de máis de 9.000 novos axentes no Corpo Nacional de Policía, o Goberno galego agarda que o actual Goberno de España destine unha parte destes efectivos ás Unidades de Documentación e Estranxeiría, de xeito que

supoñan unha mellora substancial no servizo que prestan os equipos móbiles para a expedición de DNI en núcleos rurais como o da comarca de Valdeorras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39956
Data envío: 08/11/2018 14:38:23.339

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/11/2018 14:38:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33872**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a publicación da última Guía de fisioterapia na Atención Primaria e a convocatoria polo Goberno galego de prazas públicas de fisioterapeuta”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No último trimestre deste ano aprobarase o Decreto de oferta de emprego público 2018, no que definirán as categorías a ofertar.

Neste intre estase a traballar para constituír un grupo con profesionais de Atención Primaria e Atención Hospitalaria para elaborar unha guía conxunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 33e3af06-a0d6-ef55-c7b2-8b7ed5b15b20

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2018 16:31
Nº Rexistro: 39714
Data envío: 06/11/2018 16:31:04.348

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2018 16:31:00



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34263**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández sobre, “**a consideración polo Goberno galego das conclusións recollidas no último informe de fiscalización do Consello de Contas á Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde e os motivos argumentados polo Goberno galego en relación ao aumento da privatización de servizos sanitarios**”, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As recomendacións do Consello de Contas estanse atendendo e se iniciaron procedementos de contratación mediante Acordos Marco.

O Servizo Galego de Saúde atende as recomendacións recollidas no informe.

Polo que se refire aos concertos coa privada cómpre lembrar que a Lei de 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, evidencia e pon énfase no carácter público do sistema. Establece ademais o denominado Sistema de Saúde de Galicia, onde ten lugar o encontro e a complementariedade do sistema público e o sector privado de atención sanitaria; sector privado no que se inclúen os centros, establecementos e servizos de titularidade privada, tales como hospitais, clínicas, farmacias, transporte sanitario, laboratorios e demais provedores privados.

O establecemento de concertos para a prestación de servizos sanitarios con medios alleos ás Administracións Públicas sanitarias está recollido na Lei Xeral de Sanidade.

Esta asistencia complementa a oferta sanitaria pública.

Non houbo aumento da privatización de servizos sanitarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 13:15
Nº Rexistro: 39939
Data envío: 08/11/2018 13:15:26.134

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/11/2018 13:15:03



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38713**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez sobre, **“a valoración do Goberno galego en relación coa carencia de segundo equipo no Punto de Atención Continuada de Ponteceso e o tempo necesario para o desprazamento desde este ata o hospital máis próximo, os datos referidos aos contratos temporais realizados na época de verán con destino a ese PAC e a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria ofrecida nel”**, (publicada no BOPG número 376 do 25 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Punto de Atención Continuada (PAC) que da asistencia fóra da quenda ordinaria de atención aos municipios de Ponteceso, Laxe e Cabana, cumpre rigurosamente as normas que regulan a ordenación de recursos de atención primaria e atención urxente extrahospitalaria en Galicia.

O PAC xunto cos servizos de atención primaria dos municipios aos que da asistencia, dá cobertura a 13.000 usuarios/as e conta con dotación e recursos de medicina de familia, enfermaría e persoal de servizos xerais.

Hai un equipo de médico/a e enfermeiro/a en horario de 15.00 a 8.00 horas todos os días da semana, e un reforzo dun segundo equipo de atención os días festivos e os domingos, nos que non hai atención ordinaria, en horario de 8.00 a 15.00 horas, segundo a frecuentación e demanda da poboación, sendo que nesta franxa de atención hai dous médicos/as e dúas enfermeiras/os.

A xestión das coberturas no caso de ausencias realízase ao 100% no PAC, realizando a contratación que corresponde a esas coberturas segundo os acordos asinados coas centrais sindicais.

O número de cidadáns aos se da cobertura non só non se ten incrementado dende a creación do PAC, senón que ten diminuído nun 20% pasando dunha poboación de 15.000 persoas ás actuais 13.000. Os ratios de poboación atendida e as asistencia realizadas, avaliando os datos de 2017,

non xustifican un aumento da dotación, contemplando os datos medios de asistencia por profesional e día.

A través dos Puntos de Atención Continuada, que complementan aos equipos de atención primaria na quenda ordinaria de atención, dase resposta e resólvense a maioría das demandas de atención, sen que as persoas teñan que desplazarse fóra da súa contorna para recibir asistencia sanitaria urxente. Esta accesibilidade está a disposición da poboación no PAC de Ponteceso-Laxe-Cabana”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39938
Data envío: 08/11/2018 13:14:57.728

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/11/2018 13:14:54



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39296**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as razóns da Xunta de Galicia para introducir, no proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha modificación na atención pediátrica, a través da creación da figura do pediatra de área”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Representantes da Consellería de Sanidade, da Sociedade de Pediatría de Galicia (Sopega) e da Asociación Galega de Pediatría de Primaria (Agapap) reuníronse para analizar a proposta de creación, dentro do ámbito do Servizo Galego de Saúde, da nova categoría estatutaria de persoal facultativo de especialista de pediatría de área.

A creación desta nova categoría de pediatra de área foi unha medida avaliada nas distintas reunións que a Administración sanitaria mantivo anteriormente coas sociedades pediátricas para paliar o déficit de especialistas pediátricos, así como cos colexios médicos e co Consello Asesor de Pacientes.

Tratábase, en definitiva, doutra proposta coa que o Sergas quere afrontar o déficit de pediatras que afecta ao conxunto dos sistemas de saúde, nunha comunidade como a galega na que o 90 por cento das prazas de pediatras están cubertas con profesionais especializados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 13:14
Nº Rexistro: 39937
Data envío: 08/11/2018 13:14:46.727

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/11/2018 13:14:26

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727